


Margarita Barral Martínez

A ADMINISTRACIÓN LOCAL EN COMPOSTELA NA ERA MONTERISTA



XUNTA DE GALICIA

A ADMINISTRACIÓN LOCAL EN COMPOSTELA NA *ERA MONTERISTA*

Margarita Barral Martínez

Escola Galega de Administración Pública

Santiago de Compostela, 2006

Edita_ ESCOLA GALEGA DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA (EGAP)
Rúa de Madrid 2 – 4, Polígono das Fontiñas
15707 Santiago de Compostela

Revisión lingüística_ Sara Piño Ramos
Laura I. Rubio Rendo

Deseño e maquetación_ Krissola Deseño, S.L.

Imprime_ Sertrico, S.L.

ISBN_ 978-84-453-4402-6

Depósito legal_

ÍNDICE

ABREVIATURAS	7
PRESENTACIÓN	9
INTRODUCCIÓN	11-12
CAPÍTULO I: GALICIA E A CIDADE E SANTIAGO DE COMPOSTELA NA TRANSICIÓN DO SÉCULO XIX AO XX	13-17
1. A Poboación	13-14
2. A realidade compostelá	14-16
3. O caciquismo en Galicia	16-17
4. A “plataforma política” do <i>monterismo</i>	17
CAPÍTULO II: A FORMACIÓN E OS INICIOS DE MONTERO RÍOS: 1832-1874	19-23
1. As orixes e os anos de formación	19-20
2. A chegada de Montero á política	21-23
CAPÍTULO III: MONTERO RÍOS NA ETAPA DA RESTAURACIÓN BORBÓNICA	25-28
1. O retiro temporal da política activa	25-26
2. Montero Ríos, deputado e ministro	26-28
CAPÍTULO IV: O GOBERNO LOCAL DE COMPOSTELA	29-68
1. As eleccións	29
2. A política municipal	30
3. O asentamento do <i>monterismo</i> en Compostela: 1877-1889	31-48
4. O dominio <i>monterista</i> na cidade: 1891-1905	48-67
5. O inicio da fin do <i>monterismo</i> en Santiago: 1906-1914	67-68
CONCLUSIÓNS	69-71
BIBLIOGRAFÍA	73-80
FONTES	81-82

ABREVIATURAS

D.S.C._	Diario de Sesións das Cortes
D.S.C.C._	Diario de Sesións das Cortes. Congreso
D.S.C.S._	Diario de Sesións das Cortes. Senado
AHUS_	Arquivo Histórico Universitario de Santiago
ICAM_	Ilustre Colegio de Abogados de Madrid
BOP_	Boletín Oficial da Provincia
AFP_	Arquivo Familiar Privado

PRESENTACIÓN

Todo traballo de investigación histórica pretende acadar un maior coñecemento sobre un aspecto concreto ou un discurso temporal máis prolongado. A selección dun tema require pasar por un proceso previo de plantexamento de preguntas sobre determinadas cuestións ou aspectos que consideramos sen xustificación clara e evidente. Pretender responder a esas mesmas cuestións vén ser o resultado final das pescudas e da investigación científica.

A definición do termo clientelismo segue a ser un debate aberto entre os representantes das distintas disciplinas:

1. Para os antropólogos o clientelismo é considerado en termos de relacións interpersoais, sobre todo nos escenarios tradicionais, de ahí que o identifiquen como un 'fenómeno histórico'.
2. Os politólogos centran a súa atención no funcionamento dos aparatos políticos das sociedades modernas ou en vías de modernización e interpretan o fenómeno como medio para acadar os fins da contemporaneidade.
3. Entre os historiadores a opinión máis extendida levanta obxeccións á idea de que o clientelismo sexa un estadio do desenvolvemento político e sobre todo que tende a desaparecer a medida que medra o grao dese mesmo desenvolvemento.

A etapa da Restauración borbónica (1874-1923) para o caso da cidade de Santiago foi durante moito tempo un tema "afastado" do interese dos historiadores polo feito de identificarse co caciquismo imperante na sociedade galega daquel tempo. Porén, o caciquismo veu ser a variante española do clientelismo político que se estaba a desenvolver en Europa durante a transición do século XIX ao XX. Polo mesmo, a identificación do fenómeno co fraude e a manipulación electoral é unha visión moi limitada do seu verdadeiro significado: vai máis aló das fronteiras do xogo político; engloba todos os ámbitos.

A presentación da Administración local en Compostela na *era monterista* foi o tema seleccionado para participar na XV edición do Premio Manuel Colmeiro (2006) da Escola Galega de Administración Pública. Avanzar no coñecemento das redes clientelares a nivel local na transición do século XIX ao XX e a partir do exemplo da cidade de Santiago é o obxectivo deste traballo.

Margarita Barral Martínez
Profesora de Historia Contemporánea
Universidade de Santiago de Compostela

INTRODUCCIÓN

A noción de familia política ten un significado distinto ao de partidos políticos, constituíndo estes unhas organizacións estruturadas cuxa finalidade derradeira é a conquista do poder ou facer oposición. As familias políticas son realidades menos estruturadas, máis englobantes e asemade moito máis flexibles que poden incluír individuos, asociacións, partidos, sindicatos, sociedades de pensamento, grupos de defensa e mesmo editoriais ou xornais que se digan dunha mesma cultura política, coexistindo dentro dunha mesma familia política.

As circunstancias que levaron á Revolución francesa e as ideas que propagou constitúen a primeira grande aposta das sociedades de Europa occidental ao tentar dar resposta a unha cuestión crucial: ¿o fundamento da lexitimación do poder era de esencia divina ou, pola contra, residía na soberanía dos cidadáns? Arredor desta forte dicotomía consolidáronse as familias políticas que conviviron ao longo do século XIX, a tradicionalista e contrarrevolucionaria unha, e as familias liberais e democráticas as outras. Esta última dualidade de familias progresistas, liberal e demócrata, vén establecida polo feito de que para a primeira delas a soberanía da nación atoparíase no poder dos máis instruídos e daqueles que posuían bens a defender, mentres que os demócratas ían máis aló e defendía a soberanía do conxunto dos cidadáns a través da instauración do sufraxio universal.

O debate estivo presente en toda Europa occidental dende a primeira metade do século XIX e o enfrontamento entre liberais e demócratas acada un carácter maior a partir do intre no que a revolución industrial modifica radicalmente as condicións da vida cotiá das poboacións. A aposta sobre os fundamentos da lexitimidade do poder pasa a ser substituída polo enfrontamento sobre a organización da sociedade industrial e sobre a sorte dos produtores que aseguran o seu funcionamento. Comeza o rexeitamento da intervención proteccionista do Estado en defensa da liberdade total, non só a nivel político, senón tamén na orde económica e social; o liberalismo “progresista” faise conservador e contra el xorden novas familias políticas: o socialismo e o anarquismo. O socialismo antes de se definir no ocaso do século como vencellado á doutrina marxista foi sobre todo unha grande vontade de organizar a sociedade, ou por iniciativas espontáneas ou por acción autoritaria do Estado; rexeitaba globalmente as innovacións da sociedade industrial.

Xunto con estas novas familias políticas aconteceron tamén algunhas transformacións como a desenvolvida pola familia democrática que tenta crear unha síntese co liberalismo propondo unha versión corrixida e adaptarse aos novos tempos, aparecendo a democracia liberal. Outra síntese que se deu foi a formada entre o brazo católico dos liberais, o catolicismo liberal, moi minoritario no século XIX, e unha rama da familia tradicionalista, o cristianismo social, dando o enxerto da democracia cristiá.

Pero a verdade foi que durante a maior parte do século XIX o principio de soberanía nacional, alí onde se atopaba vixente, era máis unha teoría ca unha realidade. A introdución do sufraxio universal en Francia en 1848 e o alongamento do sufraxio en Inglaterra e no resto de Europa occidental durante o século non mudou moito as cousas na segunda metade decimonónica. As familias políticas eran unha nebulosa onde os únicos elementos activos foron as *élites*, posuídas de mandato a partir dunha elección moi parcial onde as clientelas políticas e as redes caciquís tiveron un papel fundamental para o funcionamento do sistema. O termo de elites non define un grupo social concreto senón que fai referencia ás minorías que destacan pola súa superioridade ou predominio baseado en razóns diversas¹.

Para o caso das elites de finais do século XIX en Europa occidental o liderado que as distinguía fundábase nas funcións “importantes” dentro da consideración social. Pero o concepto de elite podería ser considerado demasiado amplo e aplicarse dun xeito xenérico, polo que non sería arriscado substituílo na maioría dos casos polo galicismo de notables. Dende un punto de vista histórico este último é un termo máis específico, empregado para falar dunha capa dirixente urbana e rexional na que se mesturan burgueses e nobres e onde propiedade, prestixio e poder se conxugan; os *notables* virían ser un tipo concreto de elite².

O paso do Estado liberal ao Estado democrático sucedeu de xeito gradual nos diferentes países de Europa e baixo a presión de axitacións sociais e de contrastes dentro das familias políticas e clases dominantes ata ese intre. A progresiva separación de poderes, a participación popular na elección dos executivos alternantes e unha independencia cada vez maior do poder efectivo, foi o devir histórico que levou ás sociedades civís independentes dotadas de administracións neutrais e competitivas, unha realidade que non se acadou en verdade ata a Primeira Guerra Mundial.

1 Iso é o que vén dicir Jürgen Kocka na entrevista que lle fan G. Rubí e Ll. Ferran Toledano, “A proósit de la hitòria social crítica alemanya”, *L’Avenç*, nº 170, maio de 1993, pp. 44-47.

2 I. Moll e P. Salas, “Las pequeñas élites agrarias y su participación en la vida política durante la segunda mitad del siglo XIX”, en M.ª D. Muñoz Dueñas e Helder Fonseca (eds.), *Las élites agrarias en la Península Ibérica*, Revista *Ayer*, nº 48, 2002, pp. 159-183; p. 160.

CAPÍTULO I: GALICIA E A CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA NA TRANSICIÓN DO SÉCULO XIX AO XX

1. A poboación

Nas derradeiras décadas do século XIX a poboación galega aínda era basicamente rural e estaba distribuída con diferente densidade pola xeografía da rexión, aínda que xa se deixaba ver ese crecemento maior que se concentra no oeste e nos concellos próximos á costa, unha tendencia que se podía sentir con anterioridade ao ano 1700 e en directa relación co feito de ser aquí onde se atopan tamén as cidades máis grandes e nas que se dera acubillo a máis da metade da poboación urbana galega³, tendencia que se potenciou ata a actualidade.

Para o caso de Galicia a evolución demográfica na etapa da Restauración poderíamos tomala como o reflexo dunha modernización económica dun nivel non moi elevado ao longo do século XIX e primeiro cuarto do XX, unha modernización que non foi quen de mudar o comportamento demográfico. A isto, engadir o feito do proceso emigratorio a Ultramar e tendo a data de 1880 como o inicio da emigración masiva da poboación galega a América e que chega ata o ano 1930, interrompida temporalmente pola crise de finais do século XIX⁴. Para o caso concreto de Santiago, a década 1877-87 caracterizárase por un crecemento negativo da poboación, algo que veu minguar aínda máis o escaso crecemento que se dera ao longo da centuria. Foi a partir deste ano 1887 cando volveu a experimentar un crecemento positivo pero foi preciso agardar ao ano 1920 para considerala unha poboación cun crecemento verdadeiramente positivo, sobre todo entre os anos 1920-1950.

A estabilidade demográfica de Compostela mantida dende a metade da centuria decimonónica e ata ben entrado o século XX determinou mesmo a definición dun *anodino* crecemento poboacional⁵ para o caso particular desta cidade.

3 O. Rey Castelao, "Migraciones internas y *medium-distance* en Galicia, siglos XVI-XIX", en A. Eiras Roel et al., (edit.), *Migraciones internas y medium-distance en la Península Ibérica, 1500-1900*, Santiago, 1994, p. 129.

4 A inestabilidade política americana durante as tres primeiras décadas do século XIX motivara o primeiro freo á emigración a América. A partir de 1830 a emigración acada un novo pulo motivado sobre todo pola crise xeralizada que se vivía na sociedade española, unha emigración que se potencia tras a crise de 1853 e que comeza despois a diminuír a finais da década dos anos setenta; chegamos así ao inicio dos anos 80, cando acontece a emigración masiva dos galegos a América. Véxase R. Villares Paz, *Historia da Emigración galega a América*, Col. A Nosa Diáspora, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1996, p. 98 e ss.

5 I. Dubert, "Familia, Inmigración y Espacio urbano en la Historia de Galicia. Santiago de Compostela, Siglos XVIII-XX", en J. I. Fortea Pérez (edita), *Imágenes de la diversidad: el mundo urbano en la Corona de Castilla (S. XVI-XVII)*, Universidad de Cantabria, 1997, pp. 201-243; p. 209 e 217.

CADRO I: POBOACIÓN GALEGA DE FEITO ENTRE 1877-1920 E DISTRIBUCIÓN PROPORCIONAL EN TANTO POR MIL DENTRO DO ESTADO ESPAÑOL NOS SEGUENTES ANOS

	1877		1900		1920	
España	16.631.869	1000	18.616.630	1000	21.388.551	1000
Galicia	1.848.027	111,11	1.980.515	106,38	2.124.244	29,31

Fonte: Elaboración propia a partir de J. A. López Taboada, *La Población de Galicia, 1860-1991*, Serie Informes sectoriales 10, Fundación Caixa Galicia, 1996.

CADRO II: EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DE FEITO DAS CAPITALS DE PROVINCIA E DAS PRINCIPAIS CIDADES NOS SEGUENTES ANOS

	1887	1900	1910	1920	1930
Galicia	122.273	130.805	144.053	168.266	200.624
A Coruña	37.251	42990	47.561	50.558	61.673
Lugo	11.616	10.733	11.657	11.715	11.839
Ourense	9.998	10.626	11.089	11.726	14.005
Pontevedra	7.848	8.231	8.702	10.470	11.902
Ferrol	24.293	23.769	24.626	28.554	37.662
Santiago	16.223	15.551	15.875	21.132	23.207
Vigo	15.044	18.905	24.543	34.111	40.336

Fonte: *Ibidem*.

2. A realidade compostelá

En 1875 a cidade de Compostela atopábase constituída por unha clase media nutrida do conxunto de funcionarios da Universidade e da Administración por unha banda e dos profesionais liberais pola outra, é dicir, dende catedráticos de universidade e instituto, avogados, escribáns, procuradores, militares, médicos e boticarios ata peritos, propietarios de imprenta e outros; un sector que tiña un posicionamento ideolóxico de tendencia anticlerical e que viña protagonizar a politización do momento. A continuación, atopábase un non menos variado conxunto de oficios como litógrafos, fotógrafos, pintores, músicos, etc. que viñan ser o que Barreiro Fernández define como a *aristocracia popular*⁶ da sociedade compostelá. A continuación estaba o pobo propiamente dito, un amplo sector popular a bastante distancia dos outros dous grupos, sobre todo do primeiro, e que estaba constituído por todos os sectores obreiros, dende costureiras, xastres, serventes, ferreiros, forneiros e silleiros ata chegar aos sectores máis humildes⁷.

6 X. R. Barreiro Fernández, "Da Tutela eclesíastica aos inicios da andaina burguesa (1808-1875)", en E. Portela Silva (coord.), *Historia da Cidade de Santiago de Compostela*, Concello-Consortio- Universidade Santiago de Compostela, 2003, pp. 423-463; p. 448.

7 Véxanse as táboas da poboación realizadas a partir do padrón de 1875 por J. M. Pose Antelo, *La Economía y la sociedad compostelana a finales del siglo XIX*, Universidade de Santiago, 1992, pp. 204-208.

Definíanse así tres “culturas populares” dentro da cidade e pertencentes cada unha delas ao grupo que a defendía: a obreira, a universitaria e a clerical. A cultura urbana que se vai xestar dende finais do século XIX veu ser desenvolvida sobre todo por esa clase media da que falabamos antes, creadores de institucións de recreo e ilustración⁸, lectores e mesmo promotores de xornais, de exposicións e outras iniciativas artísticas; a cuestión política viña ser un papel desenvolvido polos máis politizados desta clase media e que chegaban a concelleiros, alcaldes e mesmo senadores pola universidade e deputados polo distrito unha vez que se formaran nas mesmas aulas da compostelá, a grande maioría, e que boa parte desa apolitización lles viñera pola súa condición de *monteristas*.

Santiago de Compostela foi unha cidade que se desenvolveu baixo a protección da Igrexa durante séculos, empregando a intermediación do poder clerical en todos os eidos da vida social e política, pero todo isto trouxo consigo un esquecemento do senso urbano da cidade. Durante o período da Restauración poderíamos dicir que Santiago seguiu estas liñas básicas de desenvolvemento centrado sobre todo na vida espiritual por unha banda e na súa condición *científica* que lle achega a universidade, esquecendo quizais o progreso e o benestar que se deu nas vilas máis modernas e dinámicas de Galicia e seguindo a tónica xeral do que acontecía no resto do Estado. Santiago non chegou a ser unha urbe de carácter mercantil ao contar cunhas vías de comunicación de pronunciada deficiencia en comparación con outras cidades da rexión, aínda que tivera unha precoz conexión ferroviaria co porto de Carril en 1873 e logo con Vilagarcía.

A cidade non contaba, polo tanto, con protagonismo industrial, mercantil nin bancario, esquecendo así o desenvolvemento que tivera na primeira metade do século XIX coas fábricas de coiros.

Con respecto á banca, non tiña en Compostela un significado excesivo, respondendo basicamente a cubrir as necesidades do comercio local, aínda que tampouco se pode esquecer que existiron algunhas entidades con crédito superior, como a de Hijos de Manuel Pérez Sáenz, ou mesmo a de Benigno Otero Artime⁹.

Dende o punto de vista burocrático e militar, unha vez que perdera a capitalidade da provincia en 1833 tampouco tiña o protagonismo da Coruña e Ferrol ou mesmo de Pontevedra e Vigo. Dende que Santiago deixara de ser a capital do Reino de Galicia a súa vida de cidade comezara a xirar case exclusivamente en dous eidos: a Igrexa e a Universidade, definíndose dende entón coa dobre condición de *sagrada e culta*¹⁰.

Se ben é certo que no último cuarto do século XIX Santiago contaba cunha poboación que medraba moi pouco e os recursos municipais eran máis ca limitados en determinados momentos, polo que poderíamos falar dun estancamento social xeneralizado da poboación, esta primeira apreciación debe ser matizada.

8 Hai que sinalar aquí a Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago, fundada en 1784. Unha institución que destacou pola seu estudo e investigación do atraso da rexión galega e promotora de importantes iniciativas como a de infraestruturas viarias, o comercio e a industria; a Exposición Compostelá de 1858 foi organizada pola mesma sociedade e a dita exposición veu ser a primeira representación física do pulo desta cidade cara á modernidade económica. A Sociedad Económica dende o último cuarto do século XIX acadou un grande protagonismo na sociedade compostelá e contou cun órgano de expresión, a *Revista de la Sociedad Económica de Amigos del País* dende 1882. Véxase M^o. C. Fernández Casanova, *La Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago en el siglo XIX*, Cuadernos del Seminario de Sargadelos, 36, Edicións do Castro, Sada - A Coruña, 1986.

9 Para a cuestión da banca da época, véxase o artigo de J. M. Pose Antelo, “La Banca compostelana en la segunda mitad del siglo XIX”, en *VV. AA., Juubilatio. Homenaje de la Facultad de Geografía e Historia a los profesores D. Manuel Lucas Álvarez y D. Ángel Rodríguez González*, Vol. I, Universidade de Santiago, 1987, p. 409-427.

10 En A. Bonet Correa, “La estructura urbana de Santiago de Compostela”, en *Revista científica ICOMOS*, Vol. 2: *Ciudades Históricas*, Comité Internacional de Ciudades y Pueblos históricos, 1993, p. 75-85; p. 83.

Dende finais do século XIX Compostela remata por se definir como unha cidade de servizos relacionados coa educación, a relixión e o comercio, ao mesmo tempo que xa renuncia dende agora á posibilidade de se converter nunha cidade industrial, un aspecto que pasa a ser protagonizado pola cidade herculina e pola puxante cidade de Vigo dentro do conxunto da rexión.

3. O caciquismo en Galicia

O poder das elites agrarias nas deputacións provinciais galegas foi constante dende o comezo do liberalismo e o mesmo aconteceu ca maioría de deputados e senadores de orixe galega. Dende o Sexenio sempre houbo ministros galegos nos diferentes gobernos que se foron sucedendo. Ademais dos *cuneros* de costume, a elite galega estaba formada por fidalgos, pequena nobreza e sectores profesionais e do comercio.

Os máis tradicionais viñan xa de familias políticas recoñecidas na comunidade, caso dos Vázquez Queipo, dos Figueroa ou do conde de Pallares. Unha primeira renovación das elites políticas acontece na etapa do Sexenio, un tempo de debate doutrinal e de renovación que tamén chegou a Galicia. Entre os novos representantes *leader* que aparecen nestes anos atopamos un grupo importante de galegos que se dicían progresistas, como Rodríguez Seoane e Montero Ríos, outros unionistas, como foi Romero Ortiz, e demócratas ou *cimbrios* outros, entre os que destacamos a Becerra e a Gasset. Os republicanos como Eduardo Chao tamén acadaron relevancia na comunidade a partir sobre todo do seu discurso agrarista en defensa da redención foral. Estes novos representantes da política procedían de sectores comerciais e outras profesións liberais emerxentes dende agora: xornalistas como Gasset y Artime e Urzaiz y Cuesta, economistas e banqueiros como Riestra e Bustelo e avogados que comezaban a ter recoñecemento como Montero Ríos e os Bugallal. Novas elites e novos membros que eclosionan dende o Sexenio e que se consolidaron como figuras políticas durante a etapa da Restauración.

Unha vez que se inicia a etapa da Restauración, a convivencia entre os representantes do grupo liberal foi un tanto áspera polo enfrontamento aberto entre dous dos seus máximos representantes na rexión, Vega de Armijo e Montero Ríos. Os representantes do bando canovista eran o conde de Pallares, os Ordóñez e os Bugallal, xefes indiscutibles do partido conservador no sur da provincia de Pontevedra.

Todas estas “plataformas políticas” que se desenvolven en Galicia arredor dos partidos turnantes chegaron acadar unha forza extraordinaria e fixeron emprego absoluto do nepotismo e a *xenrocracia* para chegar a desenvolver tupidas redes clientelares.

Porén, a realidade do caciquismo galego non ten diferenzas sobresaíntes con respecto ao desenvolto no resto das rexións do Estado español durante a etapa da Restauración; este foi un máis dos exemplos de política clientelar desta etapa.

A lentitude dos cambios que se sucederon ao longo da centuria decimonónica foi contrastada para o caso de Galicia tamén cun século XX que veu supor a transformación da cultura tradicional galega cara a unha cultura máis urbana e terciaria que chega ata hoxe, aínda que todas estas transformacións que se sucederon ao longo do século XX non foron constantes. Houbo un primeiro momento de eclosión de modernidade e cambios, as tres primeiras décadas da centuria.

Foi durante a etapa da segunda metade da Restauración cando a sociedade galega experimenta mudanzas fortes: a fin da xa decadente figura do fidalgo, os emigrantes retornados de América aca-

dan un protagonismo social e político importante¹¹ e o aceso á propiedade da terra dos labregos e campesiños cun movemento asociativo, o agrarismo, veu ser a vitoria da sociedade galega¹².

Aconteceu tamén dende agora a consolidación dun tecido industrial relacionado co mar moi importante para o futuro do país e que se concentrou sobre todo no litoral atlántico, base da futura industria conserveira da comunidade. Dende o punto de vista político, a chegada da Ditadura tivo unha boa acollida en Galicia; supuxo a eliminación das vellas tramas caciquís que representaban máis o pasado que o futuro do país, pero a realidade foi que foron substituídas por outras.

4. A “plataforma política” do *monterismo*

Nas provincias onde basicamente tivo arraigo a plataforma *monterista* foi nas da Coruña, sobre todo no distrito de Santiago, e na de Pontevedra. As loita internas que dende 1898 sacudiron aos partidos dinásticos tamén se fixeron sentir en Galicia. Montero Ríos atopábase disidente coa facción máis conservadora do seu partido representada por Linares Rivas e en boa medida isto, xunto con outros elementos de disidencia interna, aproximaron a este cara os conservadores. Montero contaba ademais dende 1891 co grande apoio do xornal mais representativo do norte da rexión, *La Voz de Galicia*, unha vez que o seu director, Juan Fernández Latorre, un militar republicano, se vencella ao *monterismo* para poder representar unha acta no congreso, Ortigueira, e pasando a ser un dos homes de prol da Restauración. García Prieto pasa a ser o herdeiro directo do *monterismo* tras o pasamento do seu sogro en 1914 e ata o final da Restauración dominaba aínda na provincia da Coruña.

O distrito de Santiago foi o “feudo caciquil” do *monterismo* por excelencia durante a Restauración. José Montero acadara a primeira representación deste distrito entre 1871-73, pero de xeito definitivo Eugenio en 1886, ano no que tamén saíra elixido por Madrid, unha acta á que renunciou para representar á súa Compostela natal.

A representación mantívooa ao seu nome ata 1889, cando foi nomeado Senador vitalicio. O seu sucesor na representación do distrito de Santiago dende as eleccións de 1891 foi o xenro Benito Calderón Ozores, pero o pasamento deste en 1892 fixo que Montero “colocase” outro dos xenros como representante do distrito a partir das eleccións de 1893, o futuro sucesor como xefe do *monterismo* Manuel García Prieto, que detenta o cargo ata 1912. O feito de que García Prieto acadase o marquesado de Alhucemas en 1911 e a oferta dun escano de senador vitalicio fixo que a representación do distrito pasara ás mans dun dos fillos do xurisculto, Eugenio Montero Villegas, que viña de representar Muros e pasou a representar Santiago entre 1912 e 1917, ano do seu pasamento. Neste momento o distrito pasou a ser representado por un *monterista* da terceira xeración, o xenro de García Prieto e neto político de Montero, Manuel Sáinz de Vicuña, entre 1918 e 1919.

O distrito de Santiago foi clave na estratexia política de Montero en Galicia, a base da súa complexa trama clientelar; un exemplo absoluto de “distrito enfeudado” por unha das “plataformas políticas” que viñan facer as funcións de partidos políticos na etapa da Restauración.

11 Véxase X. M. Núñez Seixas, *Emigrantes, caciques e indianos*, Xerais, Vigo, 1998 e “¿Americanos revolucionarios ou indianos reformistas? Sobre os emigrantes e a política na Galicia da Restauración (1900-1923)”, *Anuario Brigantino*, 17, 1994, pp. 187-228.

12 Para a cuestión do agrarismo, ver a síntese de M. Cabo Villaverde, *O agrarismo*, A Nosa Terra, Vigo, 1998. A escala comarcal están os traballos de A. Domínguez Almansa, *A formación da sociedade civil na Galicia rural. Asociacionismo agrario e poder local en Teo (1890-1950)*, Edicións do Concello, Teo, 1997; H. Hervés Sayar, “Agrarismo y societarismo campesino en El Condado (1900-1936). Cronología y organización”, en *Soberosum*, nº 1, pp. 133-155; A. M. Rosende Fernández, *O agrarismo na comarca de Ortegá, 1893-1936. A loita pola modernización da agricultura galega*, Edicións do Castro, Sada, 1988 e A. Liñares Giraut, *O Val de Barcala (1900-1936). Agrarismo, vida política, emigración e cultura*, Feiraco, Santiago, 1886.

CAPÍTULO II: A FORMACIÓN E OS INICIOS POLÍTICOS DE MONTERO RÍOS: 1832-1874

1. As orixes e os anos de formación

Eugenio María Bricio Montero y Ríos foi o cuarto irmán dun total de cinco. Debe o seu nome a nacer o mesmo día da súa onomástica, o 13 de novembro do ano 1832. Faino na rúa Xazmíns, número 3, parroquia de San Xoán, en Santiago de Compostela, nunha casa que aínda se conserva. Era a súa unha familia “acomodada” pero modesta, dado o número de membros¹³. O pai, Ángel Montero, exercía de “escribán” de Audiencias no concello e a nai, Francisca del Río, era unha señora de fortes crenzas relixiosas.

Cando Eugenio contaba coa idade de 10 anos ingresou no seminario de Santiago; a curta idade deixa entrever que tivo que estar moi influído pola vocación relixiosa do fogar. O mesmo Montero deixou constancia disto nas Cortes de 1869 ao declarar: *conservo la llama de la fe que me inspiró mi madre, llama que no han debilitado mis estudios y que procuro infundir en el corazón de mis hijos*¹⁴. Porén, as pretensións dos pais de ter un fillo sacerdote remataron cando o rapaz decide abandonar os estudos ao chegar a cuarto de Teoloxía, antes de ordenarse de menores; de seguro que a obriga e imposición non puideron coas inquiredanzas internas do futuro prócer. Foi por este tempo cando coñeceu a súa futura esposa, Avelina Villegas y Rubiños; o feito de abandonar esta formación non significou porén que Montero rachase coas súas crenzas, todo o contrario, mantívose sempre como católico practicante e consideraba a relixión cristiá como *la más ejemplar, la (...) más augusta de todas las que se conocen en la tierra*¹⁵.

Despois de saír do seminario cursou bacharelato e acadou o grao en 1856 coa cualificación de sobresalínte. A continuación iniciou a carreira de Dereito e Filosofía e tivo un expediente de notas de mérito e acadou a licenciatura en Xurisprudencia o 29 de setembro de 1858 con premio extraordinario da Facultade¹⁶.

Demostrada a máis que boa disposición para os estudos e vendo que Santiago non lle ofrecía moito máis, viaxou a Madrid en outubro de 1859 e inicia o doutoramento en dereito na Universidade Central.

13 Os catro irmáns de Eugenio foron M.^o Pastoriza, Ángel Álvaro, José e M.^o Concepción. De todos eles, o que destacou ademais del, tanto a nivel académico como político, foi José.

14 D.S.C.C., 14.04.1869, T. II, p. 1044.

15 D.S.C.C., 14.04.1869, T. II, p. 1004.

16 AHUS, *Expedientes*. Legaxo 881.

Unha vez que Eugenio chega a Madrid inscribiuse no doutorado de Dereito Internacional, Lexislación Comparada e Disciplina Eclesiástica e acadou o grao co tema *El privilegio del Fuero en las causas civiles y negocios temporales de los clérigos ¿fue concedido por los príncipes?* exposto ante un tribunal de catedráticos da Universidade Central presidido por Pedro Gómez de la Serna e do que foi secretario outro galego, o catedrático de Dereito Político e Administrativo Manuel Colmeiro; recibiu o premio extraordinario. Era xuño de 1859¹⁷.

En 1860, un ano despois de rematar o doutoramento, gaña por oposición a cátedra de Disciplina Eclesiástica da Universidade de Oviedo, que quedara vacante tras o pasamento de Fernando Álvarez Miranda. Foi nomeado catedrático e a través dunha permuta con Guillermo Estrada acadou o traslado para a Facultade de Dereito da Universidade de Santiago; tomou posesión do cargo o día 18 de xullo.

En 1861 fíxose cargo das leccións da cátedra de Teoría dos Procedementos e Práctica Forense, vacante tras o pasamento do tamén catedrático santiagoés Benito María Losada, e en abril leu o discurso de recepción ante o Claustro e baixo o título *Ultramontanismo y Cismontanismo en la Historia y en la Ciencia*, un rexeitamento aberto ao ultramontanismo. Foi este un texto reimpresso en diferentes ocasións e a exposición do mesmo veu ser a tese definitiva do seu pensamento respecto da relixión e a Igrexa. Alporizou ao moderantismo do momento que imperaba na cidade levítica, comezando polo mesmo Claustro que o estaba a escoitar e que consideraba que tales exposicións sobre as relacións entre o poder temporal e o espiritual, o da concentración da potestade eclesiástica no Papa ou a súa descentralización a través dos bispos, viñeran dun catedrático que por deformación profesional debería ser máis “relixioso”. Montero fai neste discurso un percorrido pola historia para presentar a lexítima descentralización do poder eclesiástico ata o século VIII e xustifica na etapa da Idade Media a centralización na Silla Apostólica, o Papado, a inconveniencia desta supremacía absoluta dende o século XIV e finalmente a necesidade contemporánea de finais do século XIX dun *sistema armónico que traduzca en la Iglesia la satisfacción de las necesidades de los fieles y de las exigencias de la Justicia y el Derecho*¹⁸.

Catro anos despois de exercer a docencia en Santiago acadou a súa pretensión de ser trasladado para a Universidade Central de Madrid¹⁹ e facerse cargo da Cátedra de *Historia y Elementos del Derecho civil español común y foral* en 1864, unha vez que lle foi concedida por unanimidade polo Consello de Instrución Pública²⁰.

Nese mesmo ano 1864 tivo lugar un banquete político nos chamados Campos Elíseos, primeiro parque de atraccións inaugurado entón en Madrid, ao que tamén asistiu Montero Ríos. Faláron os líderes Olózaga e Prim e deuse a consigna de abaixo os Borbóns. O xornal *La Iberia* publica artigos destas tendencias, e todo isto foi preparando a Revolución de setembro.

Entre os anos 1862 e 1865 queda esbozada, polo tanto, a figura política de Montero Ríos: avogado recoñecido e con bufete propio en Madrid, onde aparece colexiado dende o 28 de xaneiro de 1859²¹, e catedrático que empregaba a verba da ciencia como docente de vocación apaixonada.

Nesta etapa de formación Montero patentiza os seus ideais políticos condensados na liberdade que igualaba os homes, na democracia como forma de Goberno que exerce a soberanía directamente, na xustiza que premia e castiga e o progreso como acción, movemento e riqueza da industria, o comercio e as artes, a vida dos pobos, en definitiva.

17 Archivo de la Universidad de Madrid, Expediente académico de E. Montero Ríos, Legajo 345, nº 22.

18 E. Montero Ríos, *Ultramontanismo y Cismontanismo en la Historia y en la Ciencia*, Imprenta de Manuel Rivas, Santiago, 1861, p. 90.

19 R.O. do 15 de xuño de 1864.

20 J. Maluquer Salvador, *Reseña histórica de la Real Academia de Jurisprudencia y Legislación*, Barcelona, 1884, p. 58.

21 ICAM. *Secretaría. Expediente personal*. Nº 4977.

2. A chegada de Montero á política

A etapa do Sexenio foi a presentación pública de Montero no mundo político. Tras o triunfo da *Gloriosa* saíu deputado polo distrito de Pontevedra nas primeiras Cortes Constituíntes de 1869. Foran estas as primeiras eleccións en España baixo a bandeira do sufraxio universal directo e secreto para homes maiores de 25 anos, toda unha data significativa. Cunha representación de 600 sinaturas, o colectivo de estudantes da Universidade de Santiago e dos Institutos da Coruña, Lugo e Pontevedra remítenlle a Montero unha felicitación polo seu nomeamento e polas súas ideas *libre-cultistas*, ao tempo que tratan de alagar ao progresista José Montero Ríos, irmán de Eugenio e Reitor da Universidade de Santiago por este tempo²².

Presentárase a estes comicios baixo a bandeira progresista e integrando a candidatura con Francisco Antonio Riestra, Luis Rodríguez Seoane, Pedro Mateo Sagasta (irmán do Ministro de Gobernación, Práxedes Mateo Sagasta) e Joaquín Baeza. O 16 de febreiro toma posesión do cargo e na primeira sesión parlamentaria foi un dos doce deputados elixidos para despedir o Goberno provisional do xeneral Serrano.

Algúns días despois, o 2 de marzo, Montero foi elixido un dos 15 membros da Comisión que se encargaría da redacción do texto constitucional, unha representación de notables pertencentes aos tres partidos integrantes de coalición monárquico democrática. A elección fíxose a partir da votación de 235 deputados; nela aparece xa claramente destacado con 177 votos, igual que o marqués de la Vega de Armijo, un dos seus rivais no liderado liberal en Galicia, sobre todo na provincia de Pontevedra²³.

CADRO III: CLASIFICACIÓN POR PARTIDOS DOS MEMBROS DA COMISIÓN ENCARGADA DA REDACCIÓN DO TEXTO CONSTITUCIONAL

MEMBROS ELIXIDOS	PARTIDO
Pasada Herrera Río Rosas Manuel Silvela Ulloa Castamón Vega de Armijo	<i>Unionistas</i>
Montero Ríos Salustiano Olózaga Juan Valera	<i>Progresistas</i>
Cristino Martos Moret y Prendergast Romero Girón	<i>Demócratas</i>

Fonte: Elaboración propia.

22 *Los Estudiantes de la Universidad de Santiago que suscriben a D. Eugenio Montero y Ríos. Distinguido Diputado gallego en la Asamblea Constituyente*, Imprenta de *El Pensamiento Español*, 14.05.1869.

23 Olózaga (181 votos), Aguirre, Pedro Mata e Ríos Rosas (179); Montero Ríos e o Marqués de la Vega de Armijo (177); Ulloa, Moret e Francisco Silvela (176); Becerra (175); Godínez e Romero Girón (174).

Olózaga fíxose cargo da presidencia da mesma Comisión ao ser o máis votado, 181 votos; estableceu un sistema de traballo intenso que durou vinte e cinco días e a través da división en *ponencias*. Montero, Vega de Armijo e Romero Girón fixéronse cargo da do Título I do proxecto que levaba como epígrafe *De los españoles y sus derechos*, un cuarto do total do texto no que destacaban o artigo 21, referido á liberdade de culto, e o 33, sobre a forma de Goberno, ¿monarquía ou república? Tanto no Manifesto do 25 de outubro de 1868 como no Preámbulo do decreto de convocatoria a Cortes do 6 de decembro o Goberno Provisional manifestara claramente as súas preferencias pola causa monárquica, definida como democrática e rexeitando calquera posibilidade da restauración borbónica.

Despois de longas discusións na Cámara acadouse un texto rico en principios doutriniais, tal e como acontecera para o caso da de Cádiz. Cualificada de “democrática” polo presidente da Asambleia, o seu título primeiro, con 31 artigos, veu ser en verdade unha declaración de dereitos individuais aos que se supeditaban os poderes públicos. Por primeira vez se garantían estes dereitos e recoñecíanse legalmente todas as liberdades: seguridade persoal, inviolabilidade de domicilio e correspondencia, propiedade privada, sufraxio universal, dereito de expresión, reunión e asociación e o exercicio privado de calquera culto. De aí que desta parte se traduza un certo receo cara a Administración, consecuencia directa polo grande respecto ás garantías individuais. A parte orgánica comprendía once títulos e o título dous, “De los poderes públicos”, establecía que a soberanía residía esencialmente na nación (art. 32), que a forma de Goberno era a monarquía (art. 33) e separaba os tres poderes: o lexislativo das Cortes, o executivo do Rei e o xudicial dos Tribunais.

A Constitución era non só a máis liberal das que se promulgaran en España senón que tamén se colocaba á vangarda das europeas nese momento. Porén e a pesar de que consignaba os principios básicos da revolución, sufraxio universal e liberdades individuais, non agradou á maioría; todos tiñan algo que non aceptaban do novo código: os republicanos opuxéronse ao principio monárquico, os católicos á liberdade relixiosa e os librepensadores ao mantemento do culto²⁴.

O texto definitivo da Constitución foi aprobado e sancionado o primeiro de xuño de 1869 con 214 votos a favor e 55 en contra; o xeneral Serrano foi elixido Rexente de España e o xeneral Prim encargouse da formación do goberno. A participación de Montero na elaboración do texto constitucional fora destacada e positiva, feito que determinaría o seu chamamento para ocupar os primeiros cargos executivos no Goberno. Ruiz Zorrilla ocupa a carteira de Graza e Xustiza e nomea como subsecretario deste ministerio a Montero o 14 de xullo.

Dende estes primeiros anos de actividade política Montero reflite a súa capacidade de Goberno. A maioría das reformas encetadas por Zorrilla ao fronte da carteira de Graza e Xustiza foron recoñecidas por el mesmo como obra orixinaria do subsecretario, e os derradeiros decretos do departamento, entre os que se atopaban os de Rexistro Civil e de Organización de Tribunais, xa se aprobaron baixo a sinatura ministerial de Montero. Accedeu ao cargo de ministro o 10 de xaneiro de 1870 e dende este intre tentou dar pulo e concluír o proceso reformador que comezara con Zorrilla e co antecesor deste, Romero Ortiz.

24 Tiña claras influencias da Constitución norteamericana, en especial a través de dúas ideas básicas que dominaban todo o texto: a teoría xeral do poder, que só se outorgaba ao Goberno para que garantisen os dereitos individuais, e o énfase sobre os dereitos *ilegislables*. Esta influencia convertíase en tradución literal nalgúñas partes (preámbulo e artigo 29) e en adaptación máis ou menos fiel noutras (artigos 17, 21, 22 e 27). Non faltaba a influencia do dereito consuetudinario inglés, sobre todo nas atribucións do monarca e na organización xudicial, e incluso un certo reflexo da Constitución belga de 1831.

Montero foi Ministro en tres ocasións durante o Sexenio, no Goberno de Prim entre o 10 de xaneiro de 1870 e o 26 de xaneiro de 1871 e despois durante os gobernos de Zorrilla, entre o 24 de xullo e o 4 de outubro de 1871 e o 14 de xuño de 1872 e o 11 de xaneiro de 1873.

Nas primeiras eleccións a Cortes constituíntes do reinado do duque de Aosta, acontecidas o 8 de marzo de 1871, acudiu con acta dobre de deputado: unha polo distrito de Palacio (Madrid) e outra polo de Lalín (Pontevedra), aínda que a derradeira foille impugnada polos carlistas na Cámara dos deputados no mes de abril por terse cometido ilegalidades que podían ser motivo de anulación da elección.

Tras un airado debate parlamentario acontecido o 22 de abril de 1871 desenvolveuse unha votación nominal entre os deputados para a resolución final da acta de Lalín e a elección de Montero²⁵; foi aprobada por 149 votos contra 83. Porén, e a pesar de contar co apoio maioritario dos seus compañeiros na esgrima parlamentaria, o orgullo e mesmo a arrogancia de Montero non lle permitían aceptar a representación do distrito despois de pasar por este vapuleo e para sorpresa de todos resolveu definitivamente a cuestión renunciando á representación de Lalín. Non debemos esquecer ademais que nestas eleccións Montero tamén fora elixido polo distrito de Palacio, e quizais escudándose un pouco nesta boa situación que se lle presentaba, decidiu aceptar este "prestixioso" distrito e renunciou ao galego, aquel no que se cuestionara a lexitimidade da súa representación. Nas segundas eleccións xerais a deputados acontecidas o 24 de abril de 1872 saíu novamente elixido polo distrito de Palacio.

25 D.S.C., 22.04.1871.

CAPÍTULO III: MONTERO RÍOS DURANTE A RESTAURACIÓN BORBÓNICA

1. O retiro temporal da política activa

Trala fin do Sexenio Montero non acepta a proclamación da República e durante os primeiros anos do reinado de Alfonso XII tamén se declarara contrario á monarquía borbónica e á Constitución de 1876; para el esta etapa non viña máis que a representar a continuidade da “caótica” situación do pasado máis inmediato do país.

En febreiro de 1875 aconteceu a “segunda cuestión universitaria”, a partir dun Real Decreto que o ministro de Fomento, o moderado Manuel Orovio, que por aquel tempo levaba os asuntos de Instrución Pública, remite aos reitores en xustificación do “estado lamentable” en que, segundo el, recaera o ensino público en España nos últimos seis anos. Este episodio privaba do exercicio docente a catedráticos recoñecidos como Giner, Azcárate, Salmerón, Castelar, Figuerola e outros polas súas leccións. A orde pretendía encorsetar o ensino oficial nos límites da ortodoxia católica e a monarquía institucional e desenvolver unha depuración do profesorado, tal e como xa acontecera en 1865 coa “primeira cuestión universitaria”. A partir deste momento inícianse as saídas voluntarias do corpo de docentes das Universidades, profesores que se negaban a aceptar tal pretensión a pesar da intermediación do presidente Cánovas por evitalo. Un grupo de 57 catedráticos e profesores de ensino superior e medio, entre os que se atopaba Montero Ríos, non aceptan este ensino confesional e deciden abandonar as súas cátedras ao considerar que a orde deixaba fóra o principio de liberdade de ensino ao que podían acollerse os disidentes.

Neste ambiente de disidencia un dos protagonistas, Giner de los Ríos, inicia a idea de agrupar os catedráticos “liberados” nunha institución que actuase como universidade libre e como escola de ensino secundario coa finalidade de abrir a cultura española aos modernos movementos filosóficos europeos de Kraus, Hegel e o librecambio de Adam Smith. O Real Decreto do 6 de agosto de 1876 dálle existencia xurídica á *Institución Libre de Enseñanza*. Montero tomou parte na formación desta institución como Vicerreitor baixo o reitorado de Figueras en outubro de 1876 e encargouse do doutoramento da cátedra de Historia Universal da Igrexa. Para o curso 1877-78 foi nomeado reitor da *Institución*.

Pero este retraemento político de Montero, máis por antiborbónico que por antimonárquico, durou en realidade pouco tempo. A súa ansia de poder e disposición puido máis que as súas conviccións ideolóxicas orixinais.

Xa no ano 1880 Montero asinaba o *Manifiesto zorrillista* que viñera ser a orixe do Partido Demócrata Progresista, de tendencia republicana e socialista, ao considerar que a monarquía dos Borbóns evolucionara cara o campo liberal. Pero ao ano seguinte, porén, afastouse deste grupo xunto con Martos para ingresar no partido monárquico liberal Izquierda Dinástica.

Estes e outros cambios “sorprendentes” do seu posicionamento político fixeron que autores como Miguel Moya afirmaran que *como político (...) Montero ha pasado los mejores años de su vida haciendo un viaje de recreo, con billete de ida y vuelta, de la Monarquía a la República y de la República a la Monarquía*²⁶.

En maio do ano 1880, cando o partido conservador estaba sumido nunha forte crise, o mundo liberal considera a necesidade dun partido unido que agrupara faccións dispersas e un liderado aceptado por todos os notables. O 23 de maio de 1880 reuníronse no Congreso os parlamentarios do novo Partido Fusionista e aceptan un programa común: facer campaña nas Cortes contra a situación conservadora e defenderse ante a oposición. O partido constituiría ademais a mellor defensa fronte ás posibles inclinacións revolucionarias da esquerda.

A formación da Esquerda Dinástica iniciárase tamén coa década dos 80, cando o “dualismo” da agrupación liberal era algo evidente e o perigo que iso implicaba para a supervivencia no poder do partido e do seu líder, no Goberno dende o 8 de febreiro de 1881, tamén. Existiu un contraste evidente: aquel formado entre o dereitismo de Vega de Armijo e o esquerdismo de Montero Ríos dentro do mesmo partido.

A agrupación definitiva da esquerda acordouse ao longo do verán de 1882 nas conversas entre Montero Ríos, Moret, Echegaray, Martos e os xenerais Serrano e López Domínguez, que se reuniran no Pazo de Lourizán, a residencia de Montero en Pontevedra. Constituíuse así a Esquerda Dinástica da unión dos amigos de Moret, o grupo de Montero Ríos, os seguidores de Martos, un grupo nutrido de constitucionais de esquerda que desertara de Sagasta e un importante Estado Maior de xenerais, entre eles Ros de Olano, Córdoba, Sofías e Beranger.

A Esquerda Dinástica non era máis que un intento de formar un terceiro partido, como se creu nun primeiro momento. A verdadeira intención ía máis aló: tratábase de substituír o partido no poder ou, mellor aínda, o equipo gobernante, por non sinalar especificamente a Sagasta. De feito, as divisións entre os liberais abrirán un contencioso sobre a xefatura do partido dende este momento e que se agudiza a partir do pasamento de Sagasta en 1903.

2. Montero Ríos, deputado e ministro

É tamén en 1881 cando Montero toma en serio a súa reinserción na política. Inicia como deputado por acumulación nas eleccións organizadas polo goberno de Sagasta en 1881 onde acadou un total de 10.878 votos, dos cales case o 80% correspondían a distritos galegos. Acadara polo tanto unha representación máis que aceptable na rexión, o que lle dera certa “seguridade” para continuar coa súa pretensión de crear o seu “feudo caciquil” na comunidade.

No ano 1884 volveu ser elixido Deputado por Acumulación cun total de 16.250 votos; nesta ocasión ao ser uns comicios organizados polos conservadores de Cánovas acadaba unha menor representación en número de votos nos distritos galegos, aproximadamente o 40% do total, pero o sorprendente foi a escasa representación que acadaba no distrito de Santiago, non sumando máis que 15 votos. Durante este tempo o conservador Joaquín Botana consolidábase como deputado “enfeudado” en Santiago.

²⁶ J. del Arco, *Montero Ríos, op. cit.*, p. 94.

O gabinete canovista nomeado en xaneiro de 1884 fora tachado axiña de reaccionario, sobre todo tras a nova “cuestión universitaria” que acontecera en novembro de 1884 con motivo de enfrontamento entre estudantes liberais e integristas polo discurso de apertura do curso que pronunciara o reitor Morayta. A violenta represión dirixida polo gobernador Villaverde foi aproveitada polos sagastinos para cargar en contra do Goberno. A impaciencia dos fusionistas por acadar o poder levounos mesmo a pactar cos republicanos e sectores máis de esquerdas para as eleccións municipais da primavera de 1885. Foi o inesperado triunfo acadado por estes en cidades importantes como Madrid e Barcelona o que sentenciou de xeito definitivo a debilidade do goberno e dende entón atopouse nun constante estado de crise. Parecía así que a desexada unión definitiva de todas as faccións liberais comezaba a ser unha realidade. Sagasta foi quen de transixir no campo dos principios a cambio de converterse no xefe indiscutible do Partido Liberal, pondo en funcionamento unha vez máis o seu recoñecido pragmatismo. Así, aproveitando este bo momento, encargou a Alonso Martínez en representación dos esquerdistas e a Montero como representante da Esquerda Dinástica a redacción da chamada *Lei de Garantías* onde se estipularon as condicións da unión de todos os liberais baixo o seu liderado. Estivo en contra o grupo de López Domínguez, que mantivo o resto da Esquerda Dinástica. Esta redacción serviu de programa ao Partido Fusionista en maio de 1885 e en xuño dese mesmo ano fusionistas e esquerdistas forman xa o Partido Liberal baixo a dirección de Práxedes Mateo Sagasta.

A partir destes pactos, baixo a presidencia de Sagasta en 1885 Montero Ríos formou parte do primeiro goberno da rexencia como ministro de Fomento, dende novembro ata outubro de 1886, intre no que dimite pola cuestión do indulto ao xeneral republicano Villacampa, destacando Montero pola súa oposición á pena capital.

Da súa xestión ministerial en Fomento destacou o proxecto de división do Ministerio creando o de Instrución Pública, Ciencias e Belas Artes con independencia dos outros servizos; a creación das Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación²⁷; as Escolas preparatorias de Enxeñeiros e Arquitectos e a construción da Escola de Enxeñeiros de Minas de Madrid; e o proxecto de *Expropiación forzosa y Redención de censos y foros*, considerado un dos mellores proxectos de redención foral que se presentaran no goberno.

Outro dos dous proxectos deste momento foi o do *Crédito Agrícola*, presentado ao Congreso na mesma data²⁸. Un proxecto que contiña un artigo, o número 13, onde se relacionaba os bens mobles, froitos, etc. que o agricultor podía dar en prenda, sen desprazamento, algo verdadeiramente novidoso.

Nas eleccións artelladas polos liberais nese mesmo ano 1886 saíu finalmente elixido deputado por Santiago de Compostela e tamén por Madrid, e non sería arriscado supor que se presentara a ambas as dúas opcións polo que puidera pasar en Santiago. Rematou por renunciar á representación de Madrid e dende este momento Santiago pasa a ser o seu “distrito enfeudado” por excelencia, e o de Pontevedra iníciase tamén como o outro dos “feudos” *monterista* en Galicia, representado polo seu xenro Eduardo Vincenti y Reguera dende estes comicios xerais de 1886 e ata a fin da Restauración, 1923. A partir deste momento *Galicia encontrou en Montero el más entusiasta de sus defensores. Merced a su poderosa influencia, el centralismo nos volcó muchas veces sus tesoros* (sic)²⁹.

27 Real decreto 09.04.1886. A formación destas Cámaras respondía ao ideal asociacionista propugnado polos liberais dende o Sexenio. Montero fora o seu fundador e Moret encargouse despois da difusión no estranxeiro. Porén estas Cámaras, xunto coas Cámaras Agrícolas e a Liga Nacional de Productores de 1899, foron proxectos que remataron por adoptar nas súas exposicións un programa rexenerador moi crítico co sistema político, solicitando renovación e a entrega do poder á xuventude. Todo isto non veu máis que a demostrar que o movemento e protestas das clases produtoras e “neutras” podía chegar a privar ós partidos dinásticos do seu espazo político e das súas tradicionais bases sociais. J. Gomis, *El porvenir de España y los partidos políticos*, Madrid, 1900.

28 D.S.C.C., 03.07.1886. Apéndice 2.

29 El Cura de Avión, “Eugenio Montero Ríos”, en Revista *Galicia*, ano III, número 9, 1908, pp. 161-163, p. 163.

Un ano despois de saír elixido deputado polo distrito de Santiago viaxa a Vilagarcía para asistir a un banquete co que pretendía obsequiar os seus amigos galegos e desenvolve un brinde emotivo cara á súa terra pero non oculta en ningún intre a súa pretensión de seguir acadando votos para poder consolidar a súa acta compostelá dicindo: *podía inutilizarme yo para la vida pública ya que no faltarme el sufragio de los electores...*³⁰. A verdadeira función de cacique e *muñidor de elecciones*, como dicía Alfredo Brañas³¹, comeza dende este momento.

Montero mantivo a representación directa do distrito de Santiago ata o ano 1889, intre no que o distrito pasa a ser representado polos seus xenros e fillos, tal e como xa apuntamos noutro apartado. O pobo de Santiago, satisfeito coa súa acertada designación, viviu dende este momento unha etapa frutífera, foron estes uns anos nos que o *monterismo* era a representación oficial de Santiago en Madrid, independentemente de que gobernasen conservadores ou liberais. A protección *monterista* levou a que a cidade recibise concesións e favores de grande importancia para o seu afianzamento e consolidación como cidade da época, rachando coa etapa de estancamento e ostracismo que significaran os tres primeiros terzos do século XIX.

O 7 de maio de 1888 foi nomeado presidente do Tribunal Supremo por R.D. referendado polo seu amigo Alonso Martínez, cargo do que dimitiu o día 10 de novembro do ano seguinte por unhas críticas que se lle dirixiron a partir dun crime na rúa Fuencarral.

En 1889 acadou outra das súas grandes aspiracións políticas o ser nomeado senador vitalicio. No diario de sesións do Senado atópanse en verdade os mellores dos seus discursos.

En 1892 volveu a encargarse da Carteira de Graza e Xustiza, a derradeira vez, no Goberno presidido por Sagasta dende o 17 de decembro dese ano, coñecido como o Ministerio dos Notables polas personalidades que o integraban³². Ao ano seguinte, en 1893, foi nomeado presidente do Senado e vicepresidente do Consello de Sanidade. En 1894 foi novamente presidente do Senado (2ª vez) e tamén en 1898 (3ª vez), ao tempo que desenvolvía a presidencia do Consello de Instrución Pública nos anos 1897 e 1898. En 1898 preside a Comisión española do *Tratado de París* que decretou a perda definitiva de Cuba. Entre 1902-1903 volve á presidencia do Senado (4ª vez) e en xuño de 1905 acadou a súa máxima aspiración, a Presidencia do goberno.

30 *Galicia Moderna*, 10.07.1887.

31 *Galicia Humorística*, 30.01.1888.

32 Gamazo en Facenda, Moret en Fomento, Maura en Ultramar e Montero en Gracia e Xustiza.

CAPÍTULO IV: O GOBERNO LOCAL DE COMPOSTELA

1. As eleccións

O atractivo que tivo a Restauración borbónica para os investigadores nos primeiros anos de estudo foi quizais o feito de que a medida que o falseamento electoral se xeneralizaba e mesmo se “institucionalizaba”, a atención polo tratamento cuantitativo duns resultados amañados deixou paso á atención pola lexislación electoral e crítica do sistema caciquil como substituto da vontade do pobo, algo totalmente antidemocrático, sobre todo dende o momento no que pasa a ser a regra do xogo; pero porén non se analiza o verdadeiro fondo do desenvolvemento do caciquismo nin o porque do seu arraigo, non só en España.

Para o caso de Galicia na Restauración as investigacións non son moi abundantes pola ausencia de eleccións competitivas, elemento básico para abordar os estudos electorais. O clientelismo ou xeitos de dominación social que permiten dirixir de maneira imperativa as opcións electorais e o monopolo parlamentario dos partidos dinásticos traducíase no falseamento da vontade do pobo.

Pero a maioría das investigacións fan referencia o espazo provincial e municipal concluíndo todas elas dun xeito máis descritivo que explicativo, un feito que non só se constatou para o caso da historiografía galega senón que é unha característica extensible á produción da obra sobre o caciquismo e a Restauración. Porén, non podemos negar que estas primeiras obras sobre o caciquismo ofreceron unha considerable achega documental e abriron posibilidades para o estudo da vida política a escala local, deixándonos ver ademais a complicada relación existente entre os intereses clientelares e o poder central e as diferentes modalidades polas que se exercía o control clientelar, que viñan determinadas polos mesmos parámetros en todas as situacións.

Con respecto á participación do electorado galego nas diferentes convocatorias electorais, esta superou bastante a media estatal pero non chegou a cuestionar a permanencia do sistema. O feito de que o elevado nivel de fraude e manipulación electoral que aconteceu en Galicia non tivese unha contestación política debeuse en parte a que os caciques, temidos e odiados moitos, eran ao mesmo tempo a “protección” que desexaba a maioría, polo menos ata comezos do século XX. O emprego pragmático do voto foi a tónica xeral da sociedade ante a necesidade de acadar protección e prebendas nunha situación de “baleiro de poder” que se creara a partir do forte centralismo governamental.

2. A política municipal

Durante a Restauración a política local rexíase pola realidade das clientelas que formaban as elites políticas. En canto aos procesos electorais municipais, as eleccións tiñan unha dinámica propia. As das Cortes estaban suxeitas á dinámica da quenda na que entraba tamén a conxuntura política de cada momento. Pola contra as eleccións de deputados provinciais e as municipais atopábanse suxeitas aos prazos marcados nas respectivas normativas, coa particularidade común de que a duración do mandato (deputado e concelleiro) era de catro anos con renovación por metade cada dous anos, saíndo en cada renovación os máis antigos. Existían as eleccións parciais nos supostos previstos de vacantes, pero se estas se producían no prazo no que non fora posible a elección parcial, o Goberno procedía á designación interina dos respectivos mandatos de entre aqueles que xa foran elixidos con anterioridade.

Os factores de inestabilidade foron sobre todo de natureza externa ou gobernamental e os motivos de acción política estiveron moi vencellados á necesidade de control político e administrativo das institucións locais. Foi por isto que a política local e os concellos acadan unha importancia estratéxica na construción histórica das elites e do poder como influencia directa na formación das culturas participativas e na estimulación do cambio de cultura social e política en xeral; o poder dende unha perspectiva local vén ser unha tendencia moi axeitada para a análise da microhistoria que comeza a ser abordada dende hai pouco polos historiadores. O funcionamento das redes clientelares a este nivel vén ser un coñecemento estratéxico para completar o mapa do poder. Ata o de agora a meirande parte dos estudos municipais daban acubillo a un formulamento institucional de historia local e económica pero non abordaban análises microhistóricas do poder sociopolítico.

A capacidade que o Goberno central se reservaba de nomear os alcaldes supuxo unha redución importante da autonomía municipal. A escala local atópanse dous tipos de relacións de poder: o establecido entre a elite local e a central e o que recolle as relacións destes dous grupos coa sociedade. Isto leva a que o estudo de poder local sexa revalorizado á hora de abordar a construción do poder e os procesos de cambio do mesmo.

Os concellos constituían unha peza fundamental no funcionamento do sistema *turnista* e na práctica máis estendida do mesmo, a manipulación e o fraude electoral, ademais da corrupción administrativa e a súa importancia na creación de clientelas. Tanto conservadores como liberais amosáronse en todo momento moi interesados polo control da política no ámbito local; viña ser a base do seu poder e en ocasións a canteira na que se iniciaban no mundo político para acadar despois liderados e proxección a escala estatal; pero tamén foron numerosos os casos dos que amosaron desinterese pola política estatal ao identificarse máis coas cuestións rexionais³³. Poren, algúns estudos cuestionan a importancia das institucións locais sinalando que moitos parlamentarios carecían de experiencia política nestas³⁴. Un exemplo destes foi a figura de Eugenio Montero, que xa se dera a coñecer pola súa valía e como político do Dereito durante a etapa do Sexenio e foi despois cando secundou a estratexia de facer de Santiago o seu "feudo clientelar", sobre todo dende 1886, intre no que consegue a representación do distrito.

33 C. Cañellas e R. Torán, "La élite política de Barcelona bajo el signo caciquil", en *Historia Social*, nº 11, 1991, p. 101.

34 M. Cabrera (dir.), *Con luz y taquígrafos. El parlamento en la Restauración (1913-1923)*, Taurus, Madrid, 1997. P. 122.

3. O asentamento do *monterismo* en Compostela: 1877-1889

A sociedade de Compostela durante os anos da Restauración caracterizouse pola estabilidade a escala social; a nivel político a cidade de Santiago vén ser un exemplo do indicado ata o de agora. Os liderados políticos non se poden entender sen relación co concello e o control do mesmo. Dito control permitiu á elite económica e comercial por unha banda e á elite cultural pola outra pasar a ser o pilar de baseamento do *monterismo*.

Todo isto levaba implícito unha distribución de prebendas e favores entre a poboación para que aceptase tal liderado, abrigando a idea de chegar a ser favorecida polos “protectores” nalgún momento; deuse, polo tanto, o que poderíamos chamar unha “coacción consensuada”.

A reconstrución da vida política do concello de Santiago entre 1877 e 1905 levounos á consulta do Fondo Municipal que se atopa no Arquivo da Universidade, en concreto as actas electorais. É esta unha documentación moi parcial e de limitada validez porque na maioría dos casos é a visión oficial das mesmas eleccións, listas que describen sistematicamente datos das votacións sen ningún tipo de referencia sobre como foron recollidos ou acadados eses sufraxios; as cifras reproducidas teñen máis un carácter testemuñal que real.

1877

Unha vez proclamada a Restauración remitiuse ao Goberno central a adhesión ao novo réxime do concello de Santiago e procedeuse á formación dun Goberno interino de ideoloxía conservadora que estivo vixente ata as primeiras eleccións municipais acontecidas en febreiro de 1877. O alcalde interino durante este tempo foi Francisco Sainz e o secretario municipal Manuel Losada.

As primeiros comicios tiveron unhas características moi específicas xa que a volta ao sufraxio censatario supuxera unha grande redución do corpo electoral: de 4.303 electores que se contabilizaban en 1873 pasouse a 1.419, divididos en tres colexios electorais: Palacio Consistorial, San Agustín e Santo Domingo. Foron uns comicios onde se elixiron os 24 membros que compoñían a corporación.

Segundo o xornal *Diario de Santiago* o número de votantes fora moi escaso³⁵, unha percepción que contrasta coa que se pode ver na documentación orixinaria, que reflite unha abstención do 16,92%, ao exercer o dereito ao voto un total de 1.179 electores (participación do 83,08%), polo que cabería supor unha forte manipulación dos resultados electorais.

O 11 de febreiro tivo lugar o escrutinio xeral no concello, baixo a presidencia do alcalde interino Francisco Sáinz Herrero. O día 26 o gobernador civil da provincial, Antonio de Candalija, comunica a remisión dun telegrama do ministro de Gobernación onde se notifica que o rei nomeaba Alcalde Presidente do concello de Santiago ao candidato máis votado, Joaquín Botana. Este desenvolveu o cargo ata o 24 de outubro de 1878, intre no que foi nomeado deputado polo distrito, acta que representa ata o ano 1886, cando Eugenio Montero pasa xa a ser o deputado. A alcaldía volvía así a Francisco Sáinz, o primeiro Tenente alcalde. Aínda que na documentación non se recolle o *color político* de cada un dos electos, a través dos datos dos comicios de 1879 sabemos que os 12 concelleiros que permaneceron no cargo estaba divididos entre 8 conservadores, 2 independentes e 2 radicais ou *no adictos*.

³⁵ *Diario de Santiago*, 07.02.1877

**CADRO IV: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1877**

CARGOS	CANDIDATOS	
Alcalde	Joaquín Botana Míguez	Conservador
1º Tenente Alcalde	Francisco Sáinz	Conservador
2º Ídem	Joaquín Rodríguez Ferreiro	Conservador
3º Ídem	Eliseo de la Parte Moscoso	Conservador
4º Ídem	Timoteo Sánchez Freire	Independente
5º Ídem	Gerónimo Macho Varela	Independente
1º Procurador Síndaco	Cleto Troncoso Pequeño	
2º Ídem	José María Álvarez	
1º Rexidor	Simeón García	
2º Ídem	Felipe Gutiérrez de la Peña	
3º Ídem	Vicente Abollo	Conservador
4º Ídem	Lucas de la Riva	
5º Ídem	Domingo A. Rey Asorey	
6º Ídem	José Sierra Yánez	Conservador
7º Ídem	Demetrio Casares	Conservador
8º Ídem	Miguel Francisco Eleycegui	
9º Ídem	José Carballo Vilas	
10º Ídem	Manuel Valenciano	Radical
11º Ídem	José María Álvarez García	
12º Ídem	Ildefonso Gallego	
13º Ídem	Cleto Troncoso Pequeño	
14º Ídem	Alfredo de Andrés Moreno	Radical
15º Ídem	Agustín Cerqueiro Domínguez	
16º Ídem	José Iglesias Vidueiro	Conservador
17º Ídem	José de Andrés Rodríguez	
18º Ídem	José V. Lorenzo	Conservador

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do AHUS. Eleccións municipais 1877.

Aquí vese que, aínda que a corporación municipal tivera un predominio conservador, sobre todo os dos primeiros tenentes alcaldes, outros como Timoteo Sánchez Freire ou Manuel Valenciano, que aparecen como independente e radical respectivamente, irán evolucionando cara ás filas do *monte-rismo*. Outros exemplos que representan esta traxectoria e dos que aquí non aparece a súa condición ideolóxica foron Cleto Troncoso e Alfredo de Andrés Moreno.

1879

Para o caso das eleccións municipais de 1879 ratifícase o poder dos conservadores pero ningún dos membros de nova elección se clasifica neste grupo. O 16 de febreiro efectúase o sorteo dos concelleiros cesantes. Todos os integrantes do Goberno local tiñan a mesma antigüidade no cargo, pero só era preciso facer a renovación de oito concelleiros porque se contaba con catro baixas. Os catro que cesaran eran Joaquón Botana e Felipe Gutiérrez de la Peña, que foran elixidos deputados, José Carrillo por defunción e Miguel Francisco Eleycegui por motivos de saúde. Os oito elixidos por sorteo para ser cesados foron Ildefonso Gallego, Domingo Antonio Rey Asorey, José M^a Álvarez García, Cleto Troncoso Pequeño, Lucas de la Riva, José Ventura Lorenzo, Agustín Cerqueiro Domínguez e Simeón García.

A *Gaceta de Galicia* foi a encargada de publicar a candidatura de oposición composta por Ramiro Rueda, Esteban Quet, José María Blanca, Manuel Blanco Navarrete, Florencio García Lozano, Maximino Teijeiro, Gerardo Jeremías Devesa e Bruno Bartolomé. Nesta candidatura xa se deixa ver a presenza de persoas afíns aos irmáns Montero Ríos, José e Eugenio, sobre todo nos casos concretos de Maximino Teijeiro e Gerardo Jeremías, este último sobriño político de Eugenio³⁶. Porén, estes dous personaxes non son elixidos; só saen electos desta candidatura de oposición José María Blanca e Manuel Blanco Navarrete.

Entre os días 11 e 13 de maio desenvolvéronse as eleccións. Nesta ocasión aparecen recollidos un total de 1.334 electores dos que votaron 1.063, dándose, polo tanto, unha abstención do 20,4%, de novo unha sorprendente participación: 79,6%. Nestas actas electorais si aparece recollida a filiación política dos candidatos elixidos na renovación e dos que permanecen das eleccións anteriores. Aínda que ningún conservador foi elixido nestes comicios, son estes os que seguen detentando o poder: tanto o alcalde, que repite, como sete concelleiros da etapa anterior son de condición conservadora. A excepción de dous membros, os radicais, que procedían ademais do equipo anterior, todos os membros da corporación son clasificados como *adictos*.

36 *Gaceta de Galicia*, 09.05.1879.

**CADRO V: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1879**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGOS	NOME	ADICTO	PROCEDENCIA POLÍTICA
Alcalde	Fº Sáinz Herrero	I	Conservador
1º Tenente Alc.	Joaquín Rodríguez Ferreiro	I	
2º Tenente Alc.	Eliseo de la Parte Moscoso	I	
4º Tenente Alc.	Gerónimo Nacho Velado	I	Independente
2º Rexedor	Tímoreo Sánchez Freire	I	Conservador
1º Rexedor	Vicente Abollo	I	
3º Ídem	José Sierra Yáñez	I	
5º Ídem	Demetrio Casares	I	
8º Ídem	Manuel Valenciano		
11º Ídem	Alfredo de Andrés Moreno		Radical
12º Ídem	José Iglesias Vidueiro	I	Conservador
2º Proc. Síndaco	José de Andrés Rodríguez	I	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	ADICTO	PROCEDENCIA POLÍTICA
4º Rexedor	José Peón López	I	Progresista
14º Ídem	Manuel Palmeiro Clavareti	I	Progresista
15º Ídem	José María Blanca	I	Independente
16º Ídem	Abelardo Nieto Rodríguez	I	
3º Tenente Alc.	Ángel Botana Barbeito	I	
5º Ídem	José Vázquez Quirós	I	
6º Rexedor	Manuel Blanco Navarrete	I	Constitucional
9º Ídem	Gerardo Cernadas	I	Independente
1º Proc. Síndaco	Justo Iglesias Núñez	I	Constitucional
10º Ídem	Ramón Eleizegui Huarte	I	Independente
17º Ídem	Vicente Taboada Castro	I	
18º Ídem	Daniel Rey Montáns	I	Progresista

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do AHUS. Eleccións municipais 1879.

O día 13 de marzo deste ano celebrábase na cidade un banquete do Partido Democrático como acto inicial desta agrupación ante as novas eleccións, nas que se desenvolverá grande actividade. Tres días despois o ex alcalde liberal Sánchez Villamarín remite unha carta ao xornal local *Gaceta de Galicia* inculcando aos conservadores baixo a dirección do alcalde interino Rodríguez Ferreiro de intentar boicotear o acto para que non fose público³⁷, ao tempo que se lle atribuíu unha *intencionada comunicación al Gobernador* co fin de anular o significado do evento na *atmósfera levítica de la vieja Compostela*. Un mes despois o mesmo xornal deixaba aberta a posibilidade de que se presentase ás eleccións unha candidatura democrática e a negativa do alcalde, Francisco Sáinz, para convocar unha manifestación que solicitaría a dimisión do Goberno municipal³⁸. Ante tal situación e sempre segundo o mesmo xornal, o gobernador civil Joaquín Conde recriminou ao mesmo alcalde polo limitado criterio co que aplicara a Lei de imprenta, ao tempo que facía extensible a crítica a todos os conservadores³⁹. Todo isto non viña máis que a demostrar o cambio político que acontecera dende que en febreiro foran chamados os liberais baixo a xefatura de Sagasta para formar o goberno, o que levará consigo unha “depuración” de determinados cargos, caso dos gobernadores. A partir destes comicios aumenta a tensión a nivel político.

Na sesión municipal do 11 de abril desenvolveuse o cesamento dos membros da corporación con máis antigüidade, aqueles que procedían dos comicios de 1877 ademais de Justo Iglesias Núñez, cesante por defunción. Dende o 15 de abril falábase da chegada á cidade do liberal Benito Hermida, o fidalgo de Andrade, antigo senador no Sexenio e deputado polo distrito de Arzúa durante 1876 e 1899.

A finais deste mes de abril presentábase unha candidatura de oposición, o *Comité Electoral Popular* encabezado polo avogado e propietario Felipe Gutiérrez de la Peña, que viña ser unha coalición de constitucionais, independentes e un demócrata, Gerardo Jeremías, o sobriño de Montero. Era a denominada candidatura *opositora*⁴⁰. Ao día seguinte aparece a chamada candidatura *anónima* formada por un grupo de catedráticos de Disciplina Eclesiástica que pretendía ser unha opción continuísta e que curiosamente estaba encabezada polo independente Ramón Gutiérrez de la Peña, irmán de Felipe, e onde destacaban recoñecidos conservadores como Agustín Cerqueiro. A polémica entre os dous bandos vai ser intensa e todo remata coa retirada da *anónima* xustificándose no feito de querer manter a paz da cidade⁴¹, aínda que para a *Gaceta de Galicia* isto debeuse á impotencia desta corporación ante o éxito que se lle deparaba aos liberais.

Nas xornadas entre o 2 e o 4 de maio acontecen as eleccións; dun total de 1.126 electores contabilizados nesta ocasión exerceron o dereito 656, unha abstención do 41,7% (participación do 58,3%). Do resultado final acadado nestes comicios deberíamos destacar o protagonismo que acadan os constitucionais e independentes, que manterán boas relacións ao longo do seu mandato cos demócratas, e a entrada no equipo de goberno municipal de Gerardo Jeremías, coa condición de demócrata, o que poderíamos denominar como o arranque do *monterismo* na corporación municipal de Santiago.

37 *Gaceta de Galicia*, 16.03.1881.

38 *Ibidem*, 11.04.1881.

39 *Ibidem*, 15.04.1881.

40 *Ibidem*, 26.04.1881.

41 *Gaceta de Galicia e El Porvenir*, 30.04.1881.

**CADRO VI: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1881**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGOS	NOME	PROCEDENCIA POLÍTICA
4º Rexedor	José Peón López	Conservador
14º Ídem	Manuel Palmeiro Clavareti	
15º Ídem	José María Blanca	
16º Ídem	Abelardo Nieto Rodríguez	Independente
3º Tenente Alc.	Ángel Botana Barbeito	Conservador
5º Ídem	José Vázquez Quirós	
2º Proc. Síndaco	Manuel Blanco Navarrete	
9º Ídem	Gerardo Cernadas	Radical
10º Ídem	Ramón Eleizegui Huarte	
17º Ídem	Vicente Taboada Castro	
18º Ídem	Daniel Rey Montáns	Conservador

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	PROCEDENCIA POLÍTICA
Alcalde	Felipe Gutiérrez de la Peña	Independente
1º Tenente Alc.	Manuel Herrero	Constitucional
2º Ídem	Gerardo Jeremías y Devesa	Demócrata
5º Tenente Alc.	Francisco Vilar Noya	Constitucional
3º Rexedor	Fernando Cardalda Corral	
10º Ídem	Pedro Gamallo	Independente
11º Ídem	Joaquín Pensado Mosquera	Constitucional
1º Proc. Síndaco	Modesto Fernández Pereyro	Independente
14º Ídem	Manuel Casas Chico	Constitucional
15º Ídem	Norberto Calle (Interventor)	
16º Ídem	Bernardo A. Portela Pérez	
17º Ídem	Valeriano Pastrana	
18º Ídem	Ángel Latorre Aldrey	Independente

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do AHUS. Eleccións municipais 1881.

Unha cuestión importante que aparece a comezos deste ano é unha proposición do alcalde interino Manuel Herrero, substituto na alcaldía por baixa do titular. Esta fora formulada na sesión do día 8 de febreiro e propuña a visita de dous concelleiros ao prócer galego Montero Ríos á súa residencia palaciana de Lourizán unha vez que chegase de Madrid, tal e como se prevía, co obxecto de demostrarlle a gratitude polos servizos prestados á cidade ata ese momento. Os concelleiros en cuestión fan ser o seu sobriño Jeremías Devesa e Bernardo Portela, que ese mesmo ano afástase dos constitucionais e pasa a formar parte dos demócrata-monárquicos⁴². En cuestións de política municipal, destacar os rumores de que os concelleiros se atopaban en folga, referíndose ironicamente ao absentismo e falla de actividade desenvolta pola corporación como regra xeral⁴³.

O día 26 de abril chegaba a Compostela outro personaxe destacado a nivel político e de condición sagastina, o ben querido Benito Hermida, que xunto con Montero xa recibira a visita do alcalde interino de Compostela en Madrid o 22 de abril e con motivo de comentar con eles as eleccións municipais da cidade⁴⁴.

A dous días das eleccións, o alcalde conversa de novo con Hermida; nesta ocasión o segundo foi recibido polo primeiro nas dependencias consistoriais e ao día seguinte fixéronse públicas as candidaturas dos dous bandos en cuestión: a da Esquerda Dinástica, que eran os de filiación demócrata-monárquica ou *monteristas*, e a dos partidarios de Benito Hermida, relacionado neste tempo cos constitucionais. A partir de aquí durante as xornadas desenvolvidas entre o 4 e o 6 de maio os *grupos de paisanos (...)* capitaneados o conducidos por *agentes* emitían o voto; en referencia ás mesas electorais a mesa do primeiro colexio estaba dominada pola Esquerda Dinástica mentres que as outras dúas tiñan un predominio de *hermidistas*⁴⁵. Os representantes municipais nos colexios eran curiosamente os seguintes:

COLEXIO	REPRESENTANTE MUNICIPAL	FILIACIÓN
1º	Gerardo Jeremías Devesa	Demócrata-Monárquica
2º	José Vázquez Quirós	Independente
3º	Francisco Vilas	Constitucional

O libro de actas destes comicios ábrese cunha carta remitida polo gobernador civil da Coruña, Guillermo Laá, indicando con detalle o desenvolvemento dos comicios na cidade e a composición das mesas: sinalárase cun A aquelas que fosen *adictas* ou afíns ao Goberno sagastino do momento e as que foran da oposición cun O. De ser respondida tal solicitude, non se conserva copia nin borrador no arquivo municipal. Dun total de 1.367 electores rexistrados exerceron o dereito ao voto 1.022, polo que se deu un 25,2% de abstención (participación do 74,8%).

42 Montero chega a Galicia o 26 de febreiro. *Gaceta de Galicia*, 27.02.1883.

43 *Gaceta de Galicia*, 08.03.1883.

44 *Ibidem*, 26.04.1883.

45 *Ibidem*, 05.05.1883.

O 22 de xuño de 1883 publícase a real orde na que se nomea ao *hermidista* Ramón Mosquera Montes alcalde de Santiago, a pesar de non ser un dos que acadara maior número de votos. Aínda que se podería dicir que durante o bienio de Goberno local a relación entre demócratas e constitucionais foi de colaboración, o feito de que o alcalde *hermidista*, elixido por vía governamental, tivese que enfrontarse a un concello cuxos catro primeiros tenentes de alcalde eran do bando da Esquerda Dinástica significaba que o *monterismo* tiñan o maior peso.

**CADRO VII: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1883**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
1º Tenente Alc.	Gerardo Jeremías Devesa	Demócrata-Monárquico
10º Ídem	Pedro Gamallo Porto	Independente
16º Ídem	Bernardo A. Portela Pérez	Demócrata-Monárquico
5º Tenente Alc.	Francisco Vilas Noya	Constitucional
1º Rexedor	Felipe Gutiérrez de la Peña y Tostado	Independente
4º Ídem	Fernando Cardalda Corral	
12º Ídem	Modesto Fernández Pereiro (Síndaco 1º)	
15º Ídem	Norberto Calle (Rexedor Interventor)	
3º Ídem	Manuel Herrero B.	
11º Ídem	Joaquín Pensado Mosquera	Constitucional
14º Ídem	Manuel Casas Chico (Síndaco 2º)	
18º Ídem	Ángel Latorre Aldrey	
MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO		
CARGO	NOME	COR POLÍTICA
4º Tenente Alc.	Cecilio Neira Núñez	Demócrata.-Monárquico
3º Ídem.	Silvestre García Mouriño	Demócrata.-Monárquico
13º Rexedor	Pablo Pérez Ballesteros	Demócrata-Posibilista
17º Ídem	José López Amarante	Independente
5º Ídem	Manuel Blanco Navarrete	Constitucional
6º Ídem	José María Blanca Castro	
Alcalde	Ramón Mosquera Montes	Constitucional
9º Ídem	Ramiro Rueda Neira	Demócrata.-Monárquico
2º Ídem	José Harguindey Broussain	Independente
7º Ídem	Cleto Troncoso Pequeño	
8º Ídem	Valeriano Pastrana Cid	
2º Tenente Alc.	Maximino Teijeiro Fernández	Demócrata.-Monárquico

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1883.

Se ben os candidatos da Esquerda Dinástica se presentaran baixo a denominación maioritaria de demócratas (monárquicos e posibilistas) e os do bando de Hermida facíano coa denominación de constitucionais, houbo dous casos que aparecen incluídos pola prensa en ambos os grupos: o catedrático de Dereito Ramiro Rueda e o industrial José Harguindey.

Unha vez desenvoltas as eleccións, onde os electores amosaran *un triste papel (...), traídos y llevados toda vez que ninguna cosa política ni económica ha sido el civil de la lucha*⁴⁶, constituíuse un verdadeiro “concello de notables” que á súa vez viñan representar a ciencia, coa elección de cinco catedráticos da Universidade (Maximino Teijeiro e Gerardo Jeremías de Medicina, Ramiro Rueda e Cleto Troncoso de Dereito, Cecilio Neira de Farmacia e José López Amarante e Modesto Fernández Pereiro catedráticos de Instituto), catro avogados (Felipe G. de la Peña, Mosquera Montes, Bernardo A. Portela Pérez e Pablo Pérez Ballesteros) e un farmacéutico, Manuel Blanco Navarrete. A curia aparecía representada por dous procuradores (J. Pensado Mosquera e Valeriano Pastrana Cid) e a propiedade por tres membros (Manuel Herrero, Silvestre García Mouriño e Francisco Vila); o comercio contaba con outros tres representantes (Norberto Calle, José María Blanca e Manuel Casas Chico), a industria con dous (José Harguindey como fabricante de curtidos e Fernando Cardalda como fariñeiro e produtor de pan) e as artes tamén tiñan unha singular representación co mestre de obras Pedro Gamallo.

Todos estes notables con prestixio e poder económico van ser dos mellores representantes do *monterismo* dende agora e Montero contaba co seu apoio e amizade na súa reincorporación á política como deputado por acumulación. Indicar tamén que xa neste tempo, en concreto durante o ano 1884, Gerardo Jeremías Devesa, o sobriño do prócer, acada temporalmente a presidencia da alcaldía unha vez que Mosquera de Montes foi inhabilitado por un tempo de 50 días por prohibir a asistencia do concelleiro Modesto Fernández Pereiro, pendente dun proceso de incapacidade para o cargo, antes de terse unha sentenza firme; Mosquera fora substituído polo independente López Amarante, pero o pasamento repentino deste levou a alcaldía a Jeremías Devesa.

1885

Tras a caída dos liberais baixo a presidencia de Posada Herrera en xaneiro de 1884 os canovistas pasaran a formar Goberno ata novembro deste ano 1885; será agora a quenda dos conservadores á hora de orquestrar as eleccións a escala municipal.

En Santiago ademais dos independentes aparecían tres corporacións: conservadores, esquerdistas e constitucionais. As dúas últimas foron as agrupacións que a escala estatal se vencellaron para constituir o Partido Fusionista. Porén, para o caso de Santiago este pacto non se seguiu.

Durante estes comicios a discordia entre as dúas opcións liberais foi grande e isto levou á formación dunha coalición entre os membros da Esquerda Dinástica e os Conservadores e a sucesiva derrota dos sagastinos. Constituíuse así unha “sorprendente” corporación municipal encabezada por un conservador, José Vázquez Quirós, e dominada por esquerdistas. Toda esta tensión e rivalidades enfrontadas viña ser a consecuencia dos cambios que se comezaban a dar a escala local coa cada vez maior influencia da figura política de Montero Ríos, que practicamente eliminara a competencia que lle facía entre os liberais a figura de Benito Hermida. Foi así como os intereses dos partidos Conservador e Esquerda Dinástica se aliaron na corporación para anular un rival común, ao tempo que sentenza que en Compostela non chegase a ter éxito un comité fusionista como estaba a acontecer no resto do estado. O pragmatismo e oportunismo político foron unha das características xerais da Restauración.

⁴⁶ *Gaceta de Galicia*, 09.05.1883.

Para sorpresa nosa, mesmo o xornal local e *monterista* *Gaceta de Galicia* lamentaba esta coalición e pasaba a defender a coalición dos constitucionais fronte á chamada candidatura *popular* ou *zurdo-conservadora*⁴⁷, ao tempo que condenaba que os partidarios de Montero pasasen a ser un *instrumento de los conservadores*⁴⁸; non se percata de que a realidade era á inversa.

A candidatura *zurdo-conservadora* foi a gañadora dos comicios con ampla maioría. A coalición republicana-fusionista, na oposición, estaba representada por personaxes recoñecidos e con prestixio na Universidade, caso de Esteban Quet, César Armesto e o mesmo director da *Gaceta de Galicia*, Manuel Bibiano Fernández. O fraude e a manipulación electoral destes comicios foi evidente dende o primeiro momento e un episodio que o demostra fielmente é o feito de que se fixese un reparto indiscriminado de cédulas electorais entre os empregados do concello fronte a outros contribuíntes que se quedaban sen o dereito ao voto que en principio lles correspondería⁴⁹.

A escala municipal dende este momento prepárase tamén o camiño cara á secretaría do concello doutro sobriño de Montero: Manuel Losada foi substituído por Evaristo Louzao e este por José Rodríguez Montero, que detentará este significativo cargo ata a fin da Restauración.

Entre as xornadas dos días 4 e 6 de maio desenvólvense as eleccións, cun total de 1.441 electores e 1.100 votantes, unha abstención do 23,6% (participación do 76,4%).

47 *Gaceta de Galicia*, 30.04.1885.

48 *Ibidem*.

49 *Gaceta de Galicia*, 30.04.1885.

**CADRO VIII: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1885**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
1º Proc. Síndaco	Modesto Fernández Pereiro*	Independente
Alcalde	José Vázquez Quirós*	Conservador
	Bernardo A. Portela*	Demócrata-Monárquico
	Alejandro Bermúdez*	Independente
	José V. Lorenzo*	Republ.-Gubernamental
	Agustín Cerqueiro*	Conservador
	Manuel Valenciano*	Demócrata-Monárquico
5º Tenente Alc.	Ramón de Andrés García López*	Independente
	Joaquín Pensado Mosquera	Demócrata-Monárquico
	Daniel Rey*	
	Manuel Fuentes	Independente
Interventor	Dámaso Sáinz*	Demócrata-Monárquico
	Felipe Romero Donallo*	
2º Proc. Síndaco	Sandalio González Blanco*	Independente
1º Tenente Alc.	Santiago de Andrés Moreno*	Demócrata-Monárquico

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
2º Tenente Alc.	Maximino Teijeiro	Demócrata-Monárquico
3º Ídem	Cleto Troncoso	Independente
4º Ídem	Cecilio Neyra	
	José Harquindey	Constitucionalista
	Manuel Blanco Navarrete	
	José María Blanca	
	Ramón Mosquera Montes	
	Valeriano Pastrana Cid	
	Pablo Pérez Ballesteros	Demócrata-Posibilista

* Coalición zurdo-conservadora

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1885.

1887

A finais de novembro de 1885 comezara o Goberno longo de Sagasta, que se prolonga ata xullo de 1890. Os liberais van facilitar a difusión e consolidación do *monterismo*.

A partir das eleccións municipais de 1887 o *monterismo* xa se consolida e os comicios municipais pasan a ser procesos calmados e case sen comentarios merecedores de crítica nos xornais. A única candidatura sobresaínte para o caso destas eleccións foi a encabezada polo propietario e descendente de fidalgos Ramón Sanjurjo Pardiñas, o primeiro Marqués de Casa Pardiñas, un dos máximos representantes do *monterismo* en Santiago dende este momento e que detentará a presidencia do concello entre 1887-1891 e entre 1895-1905. Os dous mandatos que permanecen no medio destas dúas etapas, entre 1891-1895, o alcalde de Santiago foi outro recoñecido *monterista* e íntimo da familia Montero, o catedrático de Dereito e futuro senador pola provincia de Pontevedra Cleto Troncoso Pequeño; nestes anos aparece tamén na escena política o segundo marqués de Casa Pardiñas, fillo do primeiro, Ramón Sanjurjo Neira.

Volvendo á narración das eleccións de 1887, dicíamos que a única candidatura que destacaba nestes comicios foi a encabezada por Ramón Sanjurjo Pardiñas e na que curiosamente se integran unha mestura de denominacións políticas que van dende o tradicionalismo, con Francisco Carnero López, ata as tendencias republicanas, representadas por José María Veiga. Por primeira vez aparece a denominación de Candidatura *monterista* e en referencia a esta coalición; tal combinación de ideoloxía tiña como pretensión derradeira o asentamento da plataforma *monterista*, que dende facía un tempo iniciara a súa expansión na política local e entre o colectivo de docentes e catedráticos da Universidade e dos órganos de goberno da institución. O oportunismo foi válido sen distinción ningunha; a única pretensión era a de consolidar o poder.

Desta candidatura dicíase que tería moitas posibilidades no futuro inmediato da cidade e curiosamente todos os elixidos de novo nestas eleccións formaban parte dela. O *monterismo* venceu en bloque.

Os comicios municipais desenvólvense nesta ocasión entre os días 1 e 4 de maio, cun total de 1.451 electores e 1.239 votantes, polo que se deu nesta ocasión unha máis que sorprendente participación do 83,39% (abstención do 14,61%). Os *monteristas* levaron o fraude e a manipulación electoral ata extremos que nunca antes se deran na cidade. As actas electorais indican ademais que todas as mesas e candidaturas eran *adictas*.

**CADRO IX: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1887**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
2º Tenente Alc.	Felipe Romero Donallo	Demócrata-Monárquico
3º Ídem	Ramón de Andrés García	Independente
4º Ídem	Sandalio González Blanco	
1º Proc. Síndaco	José Vázquez Quirós	Conservador
Concelleiro	Agustín Cerqueiro	Demócrata-Monárquico
	Manuel Valenciano	
	Joaquín Pensado Mosquera	
	Dámaso Sáinz	Independente
	Manuel Fuentes	
	Modesto Fernández Pereiro	
	Alejandro Bermúdez	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Ramón Sanjurjo Pardiñas *	Fusionista
1º Tenente Alc.	Manuel Piñeiro Herba*	
Concelleiro	José Iglesias Víduero*	Conservador
	Francisco Carnero López*	Tradicionalista
	Luciano Sánchez Miramontes*	Fusionista
	Timoteo Sánchez Freire*	Independente
	Ángel Sanmillán Carneros*	Posibilista
5º Tenente Alc.	Ángel Martínez de la Riva*	Conservador
Concelleiro	Manuel Casas Chico*	
	Enrique Ferreiro Abente*	
	Joaquín Martínez García*	
	José María Veiga*	Republicano
2º Proc. Síndaco	Francisco García Reboredo*	Conservador

* Candidatura *monterista*.

Fonte: Elaboración a partir do AHUS. Eleccións municipais 1887.

Os comicios de 1889 viñeron definir a cidade de Santiago como o bastión *monterista* por excelencia. Na prensa local tal situación déixase ver pola escasa referencia ás eleccións.

O día 24 de xullo Montero e a súa familia chegan a Santiago dende Madrid, dispostos a pasar o período estival na súa residencia de Lourizán. En Compostela hospédanse na casa do reitor, o *monterista* Gerardo Jeremías y Devesa (1888-1890), ata que se celebra o banquete popular pola honra do prócer proxectado para o día 29. A esta celebración acudiron un total de 124 comensais *representantes de todas las clases de la sociedad*⁵⁰ e nel pronunciou unhas verbas de agradecemento pola súa “protección” o alcalde Sanjurjo Pardiñas; Montero respondeu cun pequeno discurso para agradecer tamén el todas as atencións e obsequios do que era obxecto.

Un mes despois Montero continuaba a súa estancia en Lourizán e alí recibe a visita de Salvador Parga e Timoteo Sánchez Freire, dous propietarios e *monteristas* recoñecidos da cidade, que lle foran declarar a súa adhesión de cara ás eleccións municipais⁵¹. Deles só sairá elixido o segundo.

O día 10 de novembro, xusto antes da campaña electoral, aparece un artigo de partidarios do *monterismo* para transmitirle a través do alcalde a súa adhesión con motivo da celebración das eleccións municipais. Entre os asinantes do documento atopamos nomes moi recoñecidos e identificados co mundo industrial e comercial da cidade e co mundo académico: Maximino Teijeiro, Santiago Moreno, Manuel Valenciano, Antonio Otero, Salvador Parga, Luciano Sánchez, Valeriano Pastrana, Manuel Fuentes, Alejandro Bermúdez, Sandalio González, Joaquín Díaz de Rábago, Manuel Piñeiro, Ramiro Rueda, Pedro Pais Lapido, Tomás Acosta, Manuel Casas Chico, Ramón de Andrés García, Dámaso Sáinz, José María Blanca e mesmo antigos conservadores como Manuel Losada, secretario do concello durante o Goberno conservador dos primeiros anos da Restauración, e antigos *hermidistas* como Norberto Calle. Vemos, polo tanto, que aparecen moitos dos membros que pasaran a detentar o Goberno municipal durante os últimos anos e definidos xa de condición *monterista*, personaxes cuxa orixe do “poder” se relacionaba cos sectores industriais e comerciais, co exercicio de profesión liberais e por seren membros docentes e do corpo gubernativo da Universidade Literaria de Santiago sobre todo, aínda que tamén por contar cun prestixio social asociado ao poder que lles viña de herdanza familiar, caso de Joaquín Rábago. Xunto a este numeroso grupo, anúncianse tamén novos membros da corporación *monterista* que acadarán liderado nos próximos anos, caso de Felipe Romero Donalle ou Lucas de la Riva.

O concello durante a década dos noventa estará baixo poder absoluto da “plataforma política” de Montero.

Para o caso particular destes comicios existía a diferenza con respecto aos anteriores de que o concello fora dividido en 6 colexios, e non en 3 como acontecera ata o de agora. Unha Real Orde que se tomara a partir da *infracción del artículo 37 de la ley Municipal, observada en varios expedientes remitidos a este Ministerio en virtud de recursos de alzada interpuestos con motivo de las elecciones municipales, ha dado lugar a la declaración de nulidad las verificadas en algunos pueblos importantes*. Foi así como se establecía que os termos municipais de España fosen divididos nos colexios electorais que o concello considerase convenientes, sempre que fose menor que o número de alcaldes e tenentes, a excepción dos pobos que non superasen os 800 veciños, onde se continuaba cunha soa mesa⁵². Tal R.O. non vén máis que indicar que o fraude electoral era unha realidade estendida, estaba “institucionalizado”. Santiago remataba así dividida en seis colexios electorais, cada un con dous concelleiros.

50 *La Voz de Galicia*, 30.07.1889.

51 *Gaceta de Galicia*, 30.08.1889.

52 BOP A Coruña, 05.11.1888.

O día 29 de novembro, en vésperas da xornada electoral, a *Gaceta de Galicia* publica a candidatura da Coalición *monterista*, coñecida tamén pola *Comisión nombrada en el Teatro* xa que fora aquí onde se deran a coñecer publicamente, cunha maioría de *monteristas*. Todos os membros desta foron elixidos para a nova corporación. Fronte a esta, publícase tamén a candidatura de oposición que presentaban o catedrático de Medicina e futuro reitor da Universidade Francisco Romero Blanco, despois *monterista*, e Manuel Castro Calviño, unha candidatura Demócrata-positivista que non acadou ningunha elección. O único electo que non pertencía á candidatura "oficial" ou *monterista* foi o rexionalista Alfredo Brañas.

Dun total de 1.593 electores exerceron o dereito do sufraxio 949, dándose unha abstención do 40,42% (participación do 60,58%).

Outros cambios representativos con respecto ás eleccións anteriores foron por exemplo que dende agora o cargo de alcalde pasa a ser elixido por votación da corporación, non por nomeamento gobernamental; fíxose baixo a presidencia do alcalde interino Ramón Sanjurjo Pardiñas que volve a saír elixido presidente da corporación⁵³. Muda tamén o secretario e inicia o longo mandato como Secretario do Concello de Compostela de Jesús Rodríguez Montero; foi nomeado oficialmente o 30 de setembro de 1889 polo alcalde Ramón Sanjurjo⁵⁴.

Nesta ocasión as actas non recollen a filiación política dos novos membros da comisión pero poderíamos definila *monterista* xa que a excepción de Alfredo Brañas todos os electos formaban parte da *Comisión del Teatro*; aparecen novos representantes do *monterismo* como o comerciante e propietario Adolfo Peña Rofignac.

53 Sesión inaugural na nova agrupación e votación do alcalde. AHUS. Eleccións 1889. Acta da sesión do 04.01.1890.

54 AHUS. Eleccións municipais 1889. Caixa C. Documento 12.

**CADRO X: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1889**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Ramón Sanjurjo Pardiñas	Fusionista
1º Tenente	Timoteo Sánchez Freire	Independente
3º Ídem	Enrique Ferreiro Abente	Conservador
2º Proc. Síndaco	Manuel Casas Chico	
Concelleiro	Manuel Piñeiro Herba	Fusionista
	Luciano Sánchez Miramontes	
	José María Veiga	Republicano
	Francisco Carnero López	Tradicionalista
	Ángel Sanmillán Carneros	Posibilista
	Ángel Martínez de la Riva	Conservador
	José Iglesias Vidueiro	
	Joaquín Martínez García	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
1º Proc. Síndaco	Joaquín Varela Tojo	<i>Monterista</i>
5º Tenente	Juan Lojo Batalla	
2º Ídem	Adolfo Peña Roffignac	
4º Ídem	Lucas de la Riva	
Concelleiro	Rafael Salgado Rodríguez	
	Pedro Pena Gamallo	
	Norverto Calle García	
	Ramón Gil Villanueva	
	Miguel Lorenzo Fernández	
	José García Mouriño	
	Bernardo Santaló Huarte	
	Alfredo Brañas Méndez	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1889

Para dar unha visión dos niveis de participación nas eleccións en Compostela e a condición do concello entre 1877 e 1889 lembramos as cifras recollidas ó longo desta etapa.

CADRO XI: DATOS EXTRAÍDOS DA DOCUMENTACIÓN ORIXINAL SOBRE OS ELECTORES E VOTANTES NOS COMICIOS MUNICIPAIS EN SANTIAGO ENTRE 1877 E 1889

	1877	1879	1881	1883	1885	1887	1889
ELECTORES	1.419	1.334	1.126	1.367	1.441	1.451	1.593
VOTANTES	1.179	1.063	656	1.022	1.100	1.239	949
Participación	83,08%	79,60%	58,30%	74,80%	76,40%	83,39%	60,58%
Abstención	16,92%	20,40%	41,70%	25,20%	23,60%	14,61%	40,42%

Fonte: Elaboración propia.

Para facer un balance xeral das eleccións electorais da cidade de Santiago entre 1877 e 1889, un total de sete convocatorias, poderíamos dicir que o réxime local da Restauración reflítese moi ben para o caso concreto da cidade de Santiago, onde se debuxan institucións moi controladas a partir das fluctuacións electorais que requiría o quenda pacífica; os alcaldes elixidos viñeron a representar a tendencia do goberno do momento, a excepción das eleccións de 1881, cando sae elixido o independente Gutiérrez de la Peña, pero que encabezaba unha candidatura de constitucionais. Porén, esta tendencia comeza a mudar dende o ano 1887, cando con Eugenio Montero como deputado polo distrito dende o ano anterior e con Ramón Sanjurjo Pardiñas ao fronte do concello o *monterismo* consolida o seu dominio na cidade.

Poderíamos porén facer unha división por etapas desta primeira parte das eleccións municipais durante a Restauración:

1. Entre o ano 1875 e 1879 foi un espazo dominado polos conservadores, os instigadores últimos do réxime, e onde se falaba de candidaturas ministeriais e de oposición, segundo a prensa do momento. Aparecen tamén aquí personaxes como Gutiérrez de la Peña que se desmarcarán despois desta tendencia.

2. Eleccións acontecidas entre 1881 e 1885. Dende o ano 81 entra na corporación o que se pasara a chamar o *Comité Electoral Popular*, encabezado por Gutiérrez da Peña como independente pero constituída despois por liberais que se definían constitucionais e algún independente. Nestas eleccións de 1881 aparecen unidos os bandos liberais que se ían enfrontar no futuro. A máxima tensión desta división desenvólvese durante as eleccións de 1883 onde os *sagastinos* constitucionais que apoiaban a candidatura de Hermida se opoñen aos *monteristas* da Esquerda Dinástica. O triunfo parcial dos primeiros xustificárase polo feito da conxuntura política do momento, con Sagasta ao fronte do goberno, pero nos comicios seguintes, en 1885, quedou claro que o “feudo caciquil” de Santiago era de condición *monterista*. Para isto, estes chegaron mesmo a presentarse en coalición cos conservadores, dando lugar á candidatura *zurdo-conservadora*. Todo servía con tal de consolidar o poder.

3. A partir dos comicios de 1887 o dominio dos *monteristas* está consolidado. A vida política a escala local acada unha “tranquilidade” á sombra do prócer e da súa rede caciquil formada cos maiores representantes da industria, a economía e o mundo académico da cidade, moitos deles iniciados na política coa condición de independentes, aínda que dende a ideoloxía liberal a maioría, e que atoparon no *monterismo* tanto proxección persoal como “protección” para a cidade e a Universidade.

4. O dominio *monterista* na cidade: 1891-1905

Durante os comicios municipais que se desenvolven entre 1891 e 1905 transcorren os anos de dominio *monterista* no concello. A sucesión de alcaldes e corporacións *monteristas* fixeron case imposible a viabilidade doutra tendencia dentro da corporación.

1891

Nesta ocasión e seguindo a nova normativa⁵⁵, o concello pasa a ser dividido en 5 distritos que á súa vez se subdividían en 8 subseccións.

O período electoral comeza o día 25 de abril coa publicación no boletín oficial da provincia da convocatoria que establece a xornada do día 10 de maio para o desenvolvemento dos comicios; contabilizáronse un total de 3.651 electores e exerceron o voto 2.508, proclamándose unha abstención do 31,4% (participación: 68,6%). Este incremento nas porcentaxes débese á aplicación da Lei de sufraxio universal masculino reinstaurado polo goberno de Sagasta en 1890.

O feito de que foran uns comicios artellados polos conservadores, no poder dende xullo de 1890 baixo a xefatura de novo de Cánovas, xustifica o feiro de que o *monterismo* non ten o predominio que acadara nos comicios inmediatamente anteriores, pero os resultados destas eleccións municipais continúan a darlle o triunfo.

O día 4 de setembro presentáronse tres candidaturas: a liberal, a conservadora e a católica, dándose o caso de que había algúns membros que se presentaban polas dúas últimas candidaturas, como foron Santos Maté e Antonio Cimadevila, que aparecen tanto na lista dos conservadores como na dos católicos⁵⁶. A candidatura que chamaban liberal estaba representada por *monteristas* recoñecidos da cidade que acadaran representación municipal na etapa anterior, entre 1885-1889, e novos membros que se incorporan dende agora a esta agrupación. Notables vencellados aos sectores industriais e do comercio como Bernardo Santaló, Santiago de A. Moreno, Manuel Chicharro, Valeriano Pastrana e José Harguindey e representantes de profesións liberais e membros da Universidade como Cleto Troncoso e Ramón Gil Villanueva.

Na renovación destes comicios só repiten seis concelleiros do Goberno anterior porque causáranse outras tantas baixas: Alfredo Brañas, Adolfo Peña Rofignac, Manuel Lorenzo Fernández, Juan Lojo Batalla, Joaquín Varela Tojo e Rafael Salgado Rodríguez.

⁵⁵ Real decreto de adaptación á Lei do sufraxio do 05.10.1890.

⁵⁶ *Gaceta de Galicia*, 04.09.1891.

O día 11 de maio a *Gaceta de Galicia* publica un artigo na portada baixo o título “Vencimos porque era justo”, unha crítica ao Goberno dos conservadores e á política de Linares Rivas, deputado pola Coruña (1879 e 1901).

Segundo o xornal, *la agrupación fusionista que en esta ciudad tan dignamente preside el Excmo Sr. D. Eugenio Montero Ríos, es la única que puede imperar sobre todas las que se oponen a su paso, e remata sentenciando que el acta de las elecciones municipales hace las veces de esquela fúnebre para los conservadores*⁵⁷. Iníciase tamén na vida política o segundo marqués de Casa Pardiñas, Ramón Sanjurjo Neira, fillo do primeiro, pero non tivo porén a proxección do pai, que dende agora vai deixar a presidencia do concello no segundo alcalde *monterista*, o civista e catedrático da Universidade e futuro senador pola provincia de Pontevedra Cleto Troncoso.

Con respecto á condición política dos membros da nova corporación, non aparece especificada en verdade pero na acta de proclamación do 1º de xullo de 1891 todos os compoñentes desta levan acompañada a letra “C”, tanto os que renovan o cargo, os elixidos como *monteristas* nas eleccións de 1889, como os que saen elixidos. Deducimos que esta letra significaría “constitucional”, sendo todos *adictos*.

57 *Gaceta de Galicia*, 11.05.1891.

**CADRO XII: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1891**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA (¿?)
2º Tenente Alc.	Lucas de la Riva	C
Rexedor	Ramón Gil Villanueva	
	Norberto Calle	
	José García Mouriño	
	Bernardo Santaló	
	Pedro Pena Gamallo	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA (¿?)
Alcalde	Cleto Troncoso Pequeño	C
1º Tenente Al.	Santiago de Andrés Moreno	
3º Tenente Al.	Ramón Sanjurjo Neira	
4º Tenente Al.	Ángel Sanmillán Carneros	
5º Ídem	Luciano Sánchez Miramontes	
1º Síndaco	Emilio Méndez Brandón	
2º Ídem	Manuel Casas Chico	
Rexedor	José Harguindey	
	Valeriano Pastrana	
	José María Ferro	
	Felipe Gutiérrez de la Peña	
	Bernardo A. Portela Pérez	
	César Armesto Portal	
	Manuel Chicharro Bisi	
	Vicente Taboada Castro	
	Gregorio Veiga	
	José Tarrío García	
	Miguel Lorenzo Ferrer	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1891.

1893

As eleccións do ano 1893 viñeron significar o dominio total do *monterismo* na cidade de Santiago. O 17 de novembro desenvólvese unha reunión electoral no Teatro para debater sobre a candidatura de concelleiros que se ía votar o 19 dese mesmo mes, é dicir, a dous días dos comicios, o que nos dá a idea da ausencia de campañas electorais durante a Restauración. Ao remate da dita reunión decidiuse formar unha candidatura única, unha candidatura *monterista* na que se incluían nomes de todas as condicións, incluso conservadores como José Varela López de Limia e Manuel López y López, pero na que aparecían tamén os *monteristas* representativos do concello: Salvador Parga, Santiago de Andrés Moreno, Felipe Romero Donallo, Antonio Rábago e Manuel Valenciano⁵⁸.

As eleccións teñen lugar o día 19 cun total de 3.299 electores, participando nas mesmas 1.060, dándose polo tanto unha abstención do 67,87% (participación do 32,14%). O escrutinio xeral desenvolveuse na xornada do 23 de novembro e a candidatura que se presentara sen oposición venceu con ampla maioría. Cleto Troncoso renova como alcalde *monterista*. Aínda que non temos especificado nin os cargos de cada membro nin a condición política, sabemos que os elixidos se presentaron como *monteristas* e que os membros que aparecen da anterior corporación tiñan asignada a inicial "C"; eran todos liberais, que en Compostela viña significar ser *monterista*.

⁵⁸ *Gaceta de Galicia*, 18.11.1893.

**CADRO XIII: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1893**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Cleto Troncoso Pequeño	C
	Bernardo Santaló	
	Pedro Pena Gamallo	
	José García Mouriño	
	Ángel Sanmillán Carneros	
	José Harquindey	
	José María Ferro	
	Felipe Gutiérrez de la Peña	
	Emilio Méndez Brandón	
	Gregorio Veiga	
	José Tarrío García	
	Miguel Lorenzo Fernández	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
	José Varela López de Limia	<i>Monterista</i>
	Ventura Villar Vázquez	
	Antonio Nóvoa López	
	Joaquín Otero Mariño	
	Raimundo González Iglesias	
	Manuel López y López	
	Francisco García Martínez	
	Pedro Rovira Carreró	
	Luis Fernández Garrido	
	Francisco G. Pico Caldeiro	
	Manuel Pol Vidal	
	José Luengo Pérez	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1893 e *Gaceta de Galicia*, 18.11.1893.

Unha cuestión importante sobre estas elección é o feito de que a documentación que se atopa está incompleta e sobre todo moi deteriorada, igual que acontecía para as eleccións de 1893. Intentaremos reconstruír aqueles datos que logramos recuperar.

Comezaremos dicindo que o 1º de agosto de 1894 fora constituído en Santiago o Partido Liberal. Contaba con catro presidentes honorarios: Sagasta, Montero Ríos, García Prieto e Maximino Teijeiro. O presidente efectivo era o marqués de Casa Pardiñas e os vicepresidentes Julián Obaya e Manuel Valenciano; os vocais: Salvador Parga, Felipe Romero Donallo, Santiago de Andrés Moreno e Antonio Díaz de Rábago; os vocais electos eran Sandalio Blanco, Bernardo Santaló, Manuel Casas Chico, Antonio Nóvoa, Francisco Piñeiro Pérez, Paulino Otero Vázquez e Manuel Fuentes; como secretarios: Casimiro Torre, Mariano Fernández Tafall, Maximino Rodríguez e Miguel Gil Casares⁵⁹. A elite compostelá e os “amigos políticos” de Montero pasaban a ser nomeados os representantes do *monterismo* en Compostela.

Estes comicios foron desenvolto de novo baixo o goberno dos conservadores que detentaban o poder dende marzo deste mesmo ano, o que fixo aumentar a tensión e loita a escala electoral na cidade. Aínda así, os conservadores eran moi conscientes do poder e dominio que tiñan os liberais polo que pretenderon chegar a un pacto para acadar a representación de catro concellerías, cuestión que os *monteristas* non aceptaron. Ante tal desaire, os conservadores inician unha campaña electoral seria. Falouse tamén dunha candidatura independente, a *Candidatura popular*, composta por persoas de todos os partidos que reunían *condiciones de moralidad y administración*, candidatura que deu un *meeting* o 9 de maio e que estivo moi concorrido. Neste grupo entraban independentes como Alonso, Cernadas e Meleiro e o seu programa ían sobre todo en defensa da clase obreira⁶⁰. Eclósianan aquí os novos grupos sociais que comezan a demandar o seu protagonismo nos sistemas de goberno e decisión pública. Anúncianse, polo tanto, os novos tempos.

A comisión electoral dos liberais fora xa nomeada o día 26 de abril e atopábase composta por unha maioría de “grandes electores” *monteristas*: marqués de Casa Pardiñas, que volve ao Goberno como alcalde e manterase no cargo ata 1905, intre no que pasa a ser substituído polo catedrático de Dereito e reitor da Universidade entre 1920-21 Lino Torre, Manuel Valenciano, Antonio Díaz de Rábago, Casimiro Torre, Luciano Sánchez Miramontes, Pedro Pena Gamallo e Modesto Fernández Pereiro, pero nela tamén aparecen membros que procedían do grupo conservador, caso de Manuel Casas Chico e Manuel Pol⁶¹. O día 9 de maio a dita comisión mantén unha reunión para facer pública a candidatura liberal que se presentaba ás eleccións do concello: Modesto Fernández Pereiro, José V. Lorenzo, Eduardo Vassallo Rosselló, José Cimadevila Iglesias, Francisco Piñeiro Pérez, Francisco del Río Otero, Manuel Mato y Mato, Casimiro Torre Sánchez, Antonio Eleuterio Blanco Rey, Mauricio Astola de Andrés, José Rivero de Aguiar, Manuel Fuentes e o marqués de Casa Pardiñas. Saíron elixidos un total de 9 dos 12 membros que se votaban para a renovación bienal.

As eleccións tiveron lugar o domingo 12 de maio de 1895 e desenvólense baixo unha importante “animación” que non viña máis que a indicar a loita que se establecera entre os dous partidos que disputaban as concellerías. *Aparte de las indispensables disputas entre los caciquillos pequeños, y aún alguna que otra explicación entre los grandes caciques, no hubo que lamentar discrepancias, (...); y conste que ninguno de los dos bandos tiene que echarse en cara nada al otro*⁶².

59 *Gaceta de Galicia*, 02.08.1894.

60 *Gaceta de Galicia*, 10.05.1895.

61 *Ibidem*.

62 *Gaceta de Galicia*, 14.05.1895.

Descoñecemos aquí os datos do número de electores e de votantes, non se conserva na documentación, así como tampouco sabemos os cargos que desenvolveron na corporación. O escrutinio xeral desenvolveuse o día 16 de maio e foi proclamado para alcalde o marqués de casa Pardiñas, que volvíaa á presidencia do concello despois das dúas presidencias de Cleto Troncoso, entre 1891 e 1895.

O dominio dos liberais continuaba, independentemente da quenda e do Goberno central. Pero tamén é certo que nos momentos nos que se atopaban os conservadores no poder os *monteristas* tiñan que facer unha verdadeira campaña electoral, en comparación cos comicios anteriores. Segundo a opinión da *Gaceta de Galicia*, *el partido liberal que hace quince días hallábase adormecido, hasta ayer en la indiferencia, distanciados sus jefes (...) háyase hoy tan compacto y tan potente como en las dos anteriores luchas, que cree segura la victoria de su candidatura cerrada, aspirando a llevar al palacio de Rajoy (...)*⁶³.

63 *Gaceta de Galicia*, 11.05.1895.

**CADRO XIV: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1895**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
	José Varela López de Limia	<i>Monterista</i>
	Antonio Nóvoa López	
	Joaquín Otero Mariño	
	Luis Fernández Garrido	
	Francisco García Martínez	
	Pedro Rovira	
	Ventura Villar Vázquez	
	José Luengo	
	Manuel Pol Vidal	
	Reimundo González	
	Manuel López y López	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Ramón Sanjurjo Pardiñas	Liberal
	Francisco Piñeiro Pérez	
	Modesto Fernández Pereiro	
	Casimiro Torre Sánchez	
	Mauricio Estola de Andrés	
	Manuel Fuentes Rodríguez	
	José V. Lorenzo	
	Eduardo Vassallo Rosselló	
	José Rivero de Aguiar	
	Bartolomé Román Pereiro	
	Jesús López Allende	
	José González Salgado	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1895.

Continuaban os conservadores no poder, agora coa xefatura de Marcelo Azcárraga, pero xa estaban ás portas os liberais.

O 1 de maio a *Gaceta de Galicia* publica na portada un artigo no que lamenta *la indiferencia con que la generalidad de la gente mira (...) este importantísimo período de la vida material de los pueblo*, en alusión ás eleccións municipais.

En Compostela os liberais agrupáranse baixo a figura de Montero formando unha numerosa coalición de membros pertencentes aos sectores industriais e comerciais da cidade por unha banda e a integrantes dos corpos docentes e de goberno da Universidade pola outra, xente con poder, dende unha visión ampla da verba, e recoñecemento social. Tal agrupación mantivera con independencia a súa influencia na localidade e isto levara a unha grande dexeneración do sistema. Os desacertos duns e os desaires cos conservadores doutros, xunto co carácter de persoal exclusivismo que se lle dera dende entón a todas as cuestións municipais, fora “dexenerando” a corporación *monterista* e chegados ao ano 1897 veuse que a situación debía mudar; de non ser así poderían chegar a perder o dominio ante os conservadores. De feito, e segundo anuncia a *Gaceta de Galicia*, a derrota xa tería acontecido de non ser pola solicitude de protección que o mesmo Montero lle fixera a Cánovas del Castillo e despois chegando a un acordo co deputado Linares Rivas, co fin de que Santiago seguise a ser *fidatario suyo* (sic)⁶⁴. Porén, non temos constancia de que tales pactos se chegasen a establecer, aínda que tampouco sería moi arriscado pensar que foran certos, entrando totalmente na tónica xeral da política de pactos e convenios nun senso amplo entre as diferentes agrupacións políticas que se desenvolven durante a Restauración.

Todo isto leva a pensar que as loitas anteriores serían substituídas dende agora por unha cordial convivencia entre liberais e conservadores no sucesivo; continuando a influencia de Montero e dos seus “amigos” na localidade, pasan dende este momento a compartir cos conservadores e outros grupos, como os independentes, a representación municipal. A *Gaceta de Galicia* facía un chamamento aos electores para que exercesen o dereito ao voto, o único xeito de acadar a verdadeira liberdade, e fai unha exposición moi sincera sobre a administración dos concellos: *no debe ser patrimonio exclusivo de ninguna agrupación* (tal e como acontecera co *monterismo* nos derradeiros anos en Compostela), *(...) conviene que en su seno haya representación de todas*⁶⁵.

Foi así como a partir deste momento vemos concelleiros conservadores ou *non-monteristas*. A xornada electoral aconteceu o 9 de maio e o escrutinio xeral e a formación da nova corporación tivo lugar o 1º de xullo. Aínda que dispoñemos do número de electores, 3.861, descoñecemos o número exacto dos que exerceron o dereito ao voto. Porén, se sumamos os votos que aparecen para cada un dos concelleiros electos dannos un total de 4.832, máis que o número de electores; non hai dúbida de que o fraude e a falsificación das actas seguía a continuar. A maiores, o *monterismo* seguía a dominar na corporación municipal santiaguesa.

64 *Gaceta de Galicia*, 01.05.1897.

65 *Ibidem*.

**CADRO XV: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1897**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Ramón Sanjurjo Pardiñas	Liberal
3º Tenente Alc.	Casimiro Torre Sánchez	
5º Tenente Alc.	Manuel Fuentes Rodríguez	
Concelleiro	Eduardo Vassallo Rosselló	
	Mauricio Estola de Andrés	
	Francisco Piñeiro Pérez	
	José Rivero de Aguiar	Conservador
Concelleiro	José González Salgado	
	Jesús López Allende	
	Bartolomé Román Pereiro	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Proc. Síndaco	Luciano Sánchez Miramontes	Liberal
Concelleiro	Paulino Otero Vázquez	
2º Tenente Alc.	Eduardo Vilariño Magdalena	
1º Tenente Alc.	Modesto Fernández Pereiro	
4º Tenente Alc.	Manuel Casas Chico	
Concelleiro	Pedro Pena Gamallo	
	José Carnero Fuentes	
Concelleiro	José V. Lorenzo	
	Felipe Amenedo Reboredo	
	José Neira Villaamil	
	Francisco del Río Otero	Conservador
	José de la Encina Durán	
	Gregorio Varela López de Limia	
	Manuel Andrade Núñez	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1897 e *Gaceta de Galicia*, 11.05.1997.

1899

Estas eleccións continúan a ser desenvoltas baixo goberno conservador, neste caso o de Silvela, que viñera formar Goberno por primeira vez substituíndo os sagastinos a comezos de marzo. Nestes comicios continúase co pacto entre *monteristas* e conservadores iniciado nos comicios anteriores e fórma-se así unha “sorprendente” candidatura *montero-silvelista* composta por 5 liberais, 3 independentes e 4 conservadores⁶⁶. O oportunismo acada aquí o máximo desenvolvemento. Aínda que os liberais de Montero seguen a detentar o poder a nivel local, sendo alcalde un dos máis recoñecidos *monteristas*, o marqués de Casa Pardiñas, o dominio absoluto dos anos precedentes xa non se acada; é preciso dar cabida a outras agrupacións.

As eleccións desenvolvéronse na xornada do 14 de maio e a toma de posesión do novo goberno aconteceu o 1º de xullo. Cun total de 3.793 electores exerceron o dereito ao voto 1.629, continuando unha porcentaxe de abstención elevada, o 57,06% (participación do 42,94%).

⁶⁶ *Gaceta de Galicia*, 14.05.1899.

**CADRO XVI: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓN DE 1899**

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Ramón Sanjurjo Pardiñas	Liberal
2º Tenente Alc.	Casimiro Torre Sánchez	
5º Tenente Alc.	Manuel Fuentes Rodríguez	
Procurador Sínd.	Bartolomé Román Pereiro Aroca	Conservador
Procurador Sínd.	Gregorio Varela López de Limia	
Concelleiro	Leopoldo Sánchez Álvarez Salgués	Liberal
	Francisco del Río Otero	
	Francisco Piñeiro Pérez	
	José Vilas Míguez	Independente
	Victoriano Lalinde de la Peña	
	Domingo Carro Botas	
	Antonio Novoa López	Sivelista
	Lorenzo López de Rego Labarta	
	Joaquín Poch Moreno	

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
3º Tenente Alc.	Luciano Sánchez Miramontes	Liberal
1º Tenente Alc.	Eduardo Vilariño Magdalena	
4º Tenente Alc.	Manuel Casas Chico	
Concelleiro	Pedro Pena Gamallo	
	José Carnero Fuentes	
	José V. Lorenzo Monteria	
	Felipe Amenedo Reboredo	Independente
	José Neira Villaamil	
	José de la Encina Durán	Conservador
	Manuel Andrade Núñez	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1899.

Estas eleccións volven a ser desenvoltas baixo un goberno conservador, presidido por Fernández Villaverde que sucedera a Silvela en xullo deste ano. A campaña comezaba coa nova de que Montero podería ser proclamado xefe do Partido Liberal, unha noticia que tivo moi boa acollida na cidade⁶⁷.

Estes comicios tiveron un significado especial polo feito do anuncio da retirada de Ramón Sanjurjo Pardiñas da vida política. O mesmo marqués fora o encargado de dar a coñecer a nova a través dunha carta que remite para ser lida na reunión electoral que tivo lugar o 24 de maio no Teatro, carta na que ademais de escusar a súa asistencia ao acto como alcalde e de amosar o seu afecto por Montero e por García Prieto, declara a súa intención de afastarse da política despois de tantos anos. Ante tal acontecemento o deputado polo distrito Manuel García Prieto viaxa a Santiago. Chega á cidade o día 29 e aínda que foi recibido con grande aclamación popular, cara el e cara o seu sogro, entre as manifestacións públicas tamén se escoitaron adversarios e contrarios⁶⁸. Ao longo do día 30 mantivo conversas co marqués de Casa Pardiñas e co secretario do concello, o seu parente José Rodríguez Montero, e finalmente con Felipe Romero Donallo, ex gobernador e futuro substituto de Ramón Sanjurjo na presidencia do concello e como máximo *monteristas* da cidade. Inicia así toda unha campaña a favor de Romero Donallo; o industrial J. Soto Álvarez publica un artigo en defensa deste candidato: *¡Electores! Si os interesa vuestro pueblo, si queréis estar bajo la tutela como hasta aquí (refiriéndose á de Montero) depositad vuestra confianza en el (...) Sr. Felipe Romero*⁶⁹.

Reiníciase así a disputa polo dominio do Goberno local entre *monteristas* e conservadores e os rumores chegaron a tal punto que o mesmo Romero Donallo publicou unha carta no xornal *Gaceta de Galicia* para desmentir un hipotético convenio que mediara entre o deputado García Prieto e as dúas faccións que loitan polo poder local, ao tempo que afirmaba *la promesa hecha por unos y otros [al] diputado por Santiago (...) de que la lucha sería noble por ambas partes, sin apelar á procedimientos que toda persona honrada rechaza*⁷⁰. O xornal fai un chamamento público para que os cidadáns acudisen ás urnas e solicita o voto para o grupo de Felipe Romero, que empregaba a verba rexeneración fronte aos inimigos do progreso, que neste caso serían os conservadores.

Baixo a denominación de *Candidatura popular os monteristas* preséntanse ás eleccións cunha lista na que sorprende por unha banda a ausencia de Cleto Troncoso. Sabemos de feito que a este recoñecido personaxe da política local non lle debiera agradar a elección de Romero Donallo como substituto do marqués de Casa Pardiñas, quizais por abrigar el a esperanza de ser o candidato; isto levouno a renunciar a presentarse nestes comicios, tal e como deixa ver nunha carta que remite ao director do xornal *Gaceta de Galicia* para que a publicitara⁷¹. A outra sorpresa da candidatura foi o feito de que o marqués de Casa Pardiñas presentaba a súa candidatura polo primeiro distrito. Isto levaba a moitos partidarios de Romero Donallo a considerar que a rexeneración que vían nel non se chegaría a cumprir. Os “faraóns” continuarían no poder.

Aínda que as conversas mantidas entre García Prieto e o marqués non trascenderan á opinión pública, cabe supor que neste encontro o deputado lograra convencer ao alcalde para que seguise un bienio máis ao fronte do concello, ante o temor de que os conservadores aproveitasen a situación para aumentar o seu poder a nivel local.

67 *Gaceta de Galicia*, 08.10.1903.

68 *Gaceta de Galicia*, 30.10.1903.

69 *Ibidem*.

70 *Gaceta de Galicia*, 04.11.1903.

71 *Gaceta de Galicia*, 04.11.1903.

As eleccións tiveron lugar o 8 de novembro e o escrutinio xeral foi o día 12. Contabilizáronse un total de 3.770 electores dos que votaron 1.649, dándose polo mesmo unha participación do 43,74% (abstención do 56,26%). Estas cifras indican que se ben o fraude e a manipulación comezaban a diminuír, o índice de abstención seguía a ser moi alto e viría a demostrar o que estaba a acontecer no resto do estado, o desinterese por un sistema político totalmente desacreditado unha vez que inicia o século XX. Para o caso concreto de Santiago, o aumento do abstencionismo, sobre todo dende 1893, poderíase interpretar como que o fraude e a manipulación xa non eran precisos e a abstención non ía significar tampouco un cambio xa que o dominio *monterista* facía imposible calquera outra variable.

O éxito da candidatura popular, definida como liberal, foi total e con referencia aos candidatos que aparecen como membros que continúan da anterior corporación vemos que hai membros que non aparecían nas listas da corporación precedente, polo que cabe supor que son personaxes que acadaran votos pero que non foran elixidos e que viñan agora a ocupar vacantes que foran xurdindo ao longo dos catro anos nos que non se desenvolveron comicios electorais.

A corporación *monterista* segue a dominar baixo a xefatura do marqués de Casa Pardiñas cun total de 11 liberais e un "obreiro", que supomos sería Felipe Romero Donallo⁷², entre os novos electos. Un predomino *monterista* encabezado unha vez máis polo marqués de Casa Pardiñas, o seu sexto e derradeiro mandato como alcalde de Santiago baixo a condición de *monterista*. Aparecen tamén novos representantes desta "plataforma política" que vai protagonizar os seguintes anos do goberno local, caso dos catedráticos de Dereito Lino Torre e Eduardo Vilariño e de Medicina Juan Barcia ou dos propietarios Jesús Landeira e Pedro Cayón, os novos notables do *monterismo* que veñen substituír aos que ían desaparecendo da xeración anterior.

72 *Gaceta de Galicia*, 10.11.1903.

**CADRO XVII: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1903**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
	Manuel Valenciano Lalinde	
	Dámaso Sáinz Lalinde	
	Pedro Pena Gamallo	Liberal
	Adrián Torreira Gentón	
	Manuel Larramendi del Río	
	Máximo de la Riva García	
	Manuel Pereiro Caeiro	
	Cayetano García Carro	
	Antonio Eleicegui López	
	Luciano Sánchez Miramontes	Liberal
	Segundo García de la Riva	
	Eduardo Vilariño Magdalena	Liberal

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Ramón Sanjurjo Pradiñas	Liberal
	Francisco Pérez Domínguez	
	Lino Torre Sánchez-Somoza	
	Miguel Bruzos Cimadevila	
	Jesús Landeira Iglesias	
	Lorenzo López de Rego Labarta	
	Felipe Romero Donallo	
	Pedro Cayón Oliva	
	Santiago Máiz Eleizegui	
	José Martínez Seoane	
	César Fernández Garrido	
	Juan Barcia Caballero	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1903.

1905

Para estas eleccións aumenta o número de seccións ata un total de 12, divididas nos 5 distritos; foron uns comicios moi significativos porque aconteceron durante a xefatura de goberno de Montero.

O número de electores contabilizado era de 4.109, dos que exerceron o voto un total de 1.527, polo que continua a subir a abstención. Votaron o 37,16% dos electores (abstención do 62,84%). O dominio dos *monteristas* nesta ocasión, máis que ningunha outra, estaba tan asegurado que nin mesmo os xornais fan mención dos comicios.

A elección da nova corporación municipal tivo lugar o 12 de novembro de 1905 e o novo equipo municipal e a identificación política do mesmo, tal e como aparece na documentación conservada, dan lugar á formación dun concello case que monocolor; dos 24 compoñentes do goberno existía unha maioría de 18 liberais demócratas, un deles, Manuel Fuentes Rodríguez, aparece ademais como *monterista*, 5 independentes, que viñan ser os representantes dos sectores industrias e do comercio da cidade, proclives aos *moteristas* dende os inicios, e un conservador. Aparece xa aquí o novo alcalde que vén a substituír ao marqués de Casa Pardiñas, o catedrático de Dereito e futuro reitor da Universidade Lino Torre Sánchez-Somoza; A figura de Felipe Romero Donallo non callara como candidato. O éxito dos liberais *monteristas* da cidade foi absoluto, non defraudaron ao seu “protector” ao fronte do goberno.

**CADRO XVIII: CORPORACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE SANTIAGO
TRAS AS ELECCIÓNS DE 1905**

MEMBROS QUE PERMANECEN DO ANTERIOR GOBERNO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
Alcalde	Lino Torre Sánchez-Somoza	Liberal demócrata
1º Tenente Alc.	Pedro Cayón Oliva	
Proc. Síndaco	César Fernández Garrido	
Concelleiro	Santiago Máiz Eleizegui	
	Miguel Bruzos Cimadevila	
	Jesús Landeira Iglesias	
	Francisco Pérez Domínguez	
	Lorenzo López de Rego Labarta	Independente
	Juan Barcia Caballero	

MEMBROS ELIXIDOS DE NOVO

CARGO	NOME	COR POLÍTICA
2º Tenente Alc.	Ramón Armada Fernández de Heredia	Conservador
3º Tenente Alc.	Narciso Carrero Goyabes	Liberal demócrata
4º Tenente Alc.	Manuel Pereiro Caeiro	
5º Tenente Alc.	Pedro Pena Gamallo	
Proc. Síndaco	Dámaso Sáinz Lalinde	
Concelleiro	Manuel Fuentes Rodríguez	
	Ramón García Suárez	
	Manuel Garabal Sánchez	
	José Sócrates González Fernández	
	José María Carreira	
	Valentín Fondevila López	
	Adrián Torreira Gentón	
	Ángel de Acosta Curros	
	Domingo de la Riva Blanco	
	Salvador Cabeza León	

Fonte: Elaboración propia a partir do AHUS. Eleccións municipais 1905.

Para facer un balance desta segunda etapa de eleccións municipais durante a Restauración, entre 1891-1905, poderíamos dicir que o *monterismo* seguiu a dominar no goberno local da cidade a partir do apoio de “amigos políticos” que continuaban a ser representantes notables da cidade, un goberno de “grandes electores” e notables que xa viñan da etapa anterior e outros novos que se incorporan ao longo destes anos pero que tamén eran personaxes con “poder”: representantes do mundo industrial e comercial da cidade como Chicharro Bissi, Eduardo Vassallo Roselló e Manuel Valenciano Lalinde, membros de profesións liberais, sobre todo avogados como Romero Donallo e Eduardo Vilariño Magdalena e médicos como José Santaló, e representantes da Universidade: Lino Torre, Gil Villanueva e Casimiro Torre, entre outros.

Os nomes dos grupos dominantes e recoñecidos con “prestixio social” practicaron unha endogamia que lles permitía reproducir con facilidade a súa posición, tanto a nivel comercial e dos servizos como no profesional e académico-universitario; entrelazaron os seus descendentes dando a isto unha forte connotación interesada. Citaremos por exemplo os de Andrés Moreno, de la Riva, os Torre Sánchez-Somoza, os Harguindey e un longo etc. Entrecruzábanse intereses de función municipal con intereses persoais desenvolvidos a través de parentescos. Este tear das redes sociais de influencia mantívose durante moitas décadas ata a derradeira etapa de actividade política de Montero. Pero as novas capas sociais e grupos emerxentes que eclosionan con forza dende finais do século XIX e que demandan protagonismo comezan tamén a ter inserción nesta trama social de parentelas; un proceso lento e que non foi verdadeiramente perceptible ata despois de I Guerra Mundial. Levaron dende entón a que os novos sectores económicos como os transportes, os servizos turísticos e o desenvolvemento das profesións liberais gañasen protagonismo no contexto urbano.

O exemplo de Compostela non deixa de ser un de tantos dentro deste formalismo e estabilidade sociopolítica, máis aparente que real, da Restauración borbónica.

Para dar unha visión dos niveis de participación nas eleccións en Compostela e a condición do concello entre 1891 e 1905 lembramos as cifras recollidas ao longo desta segunda etapa de eleccións municipais:

CADRO XIX: DATOS EXTRAÍDOS DA DOCUMENTACIÓN ORIXINAL SOBRE OS ELECTORES E VOTANTES NOS COMICIOS MUNICIPAIS EN SANTIAGO ENTRE 1891 E 1905							
	1891	1893	1895	1897	1899	1903	1905
ELECTORES	3.651	3.299	¿?	3.861	3.793	3.770	4.109
VOTANTES	2.508	1.069	¿?	4.832 ¿?	1.629	1.649	1.527
Participación	68,60%	32,14%	¿?	¿?	42,94%	43,74%	37,16%
Abstención	31,40%	67,87%	¿?	¿?	57,06%	56,26%	62,84%

Fonte: Elaboración propia.

Os enfrontamentos substanciáronse nuns procesos electorais onde a norma fundamental foi o fraude, de tal xeito que as maiorías no Goberno municipal, sobre todo naqueles momentos de maior tensión e rivalidade entre conservadores e *monteristas*, non xurdían dos votos emitidos polos cidadáns senón da capacidade dos partidos para falsificar os resultados ao seu favor, para o que era necesaria unha organización eficaz e disposta a todo tipo de manobras.

O resumo das alcaldías entre 1877-1905 e a condición destas dános unha visión rápida da condición *monterista* do concello de Santiago, sobre todo dende 1885 e independentemente do turno; foi o “feudo caciquil” de Montero durante os anos do *turnismo*. Nas etapas de quenda liberal en Madrid e cando Montero acadaba os cargos públicos máis representativos foron os momentos nos que se aprobaron as maiores concesións para a cidade; a “protección” do prócer foi máis que evidente durante estes episodios.

CADRO XX: ALCALDES DE SANTIAGO E CONDICIÓ POLÍTICA DOS MESMOS ENTRE 1877-1905

PERÍODO	ALCALDE	CONDICIÓ
1877-79	Joaquín Botana / Francisco Sáinz	Conservador
1879-81	Francisco Sáinz	Conservador
1881-83	Felipe Gutiérrez de la Peña	Independente (constitucional)
1883-85	Ramón Mosquera Montes	Constitucional
1885-87	José Vázquez Quirós	Coalición <i>zurdo-conservadora</i>
1887-89	Ramón Sanjurjo Pardiñas	Fusionista (<i>monterista</i>)
1889-91		
1891-93	Cleto Troncoso Pequeño	“C” (<i>monterista</i>)
1893-95		
1895-97	Ramón Sanjurjo Pardiñas	Liberal (<i>monterista</i>)
1897-99		
1899-1903		
1903-05	Lino Torre Sánchez-Somoza	Liberal (<i>monterista</i>)

Fonte: Elaboración propia.

A corporación ou elite municipal, alcaldes e concelleiros, eran un grupo heteroxéneo; a grande maioría dos representantes municipais pertencían aos grupos dominantes da cidade ou ben representaban os intereses destes. A presenza de forzas á marxe do sistema non cuestionou o control dos partidos dinásticos sobre a institución.

Algúns trazos característicos do persoal político municipal serían:

1. Dende o punto de vista político propiamente dito, a representación municipal caracterizouse pola continuidade; foron bastantes os concelleiros que repetían cargo e se presentaron sucesivamente nas diferentes convocatorias electorais. Ademais, engadir aquí que os cargos de concelleiro eran considerados de certa relevancia polo feito de existir determinadas limitacións, pero ao mesmo tempo isto convértese nun indicador do afianzamento da rede clientelar do *monterismo* e da estabilidade que acadou a nivel local. Para o caso dos alcaldes o grao de continuidade vén amosar a estabilidade que chegou a ter o *monterismo* en Compostela. En Santiago os cambios de Goberno central non supuxeron o cesamento da corporación municipal nin a rotación *turnista* correspondente, foi un “feudo caciquil” de Montero Ríos, adscrito ao liberais.
2. A presenza de industriais e comerciantes, a elite económica e “burgueses”; moitos eran emigrantes, foráneos de orixe vasca como os Harguindey ou catalá como o caso dos Vassallo Rosselló, ou mesmo castelá, como os Pastrana, que tiveran éxito a partir do seu asentamento en Santiago e a explotación de sectores industriais nos que se baseou boa parte da actividade económica da cidade durante o século XIX. Este carácter foráneo puido chegar a ser un valor positivo engadido para a participación política como medio de acadar unha certa legitimación social na cidade. A pesar da súa heteroxeneidade, este grupo aparecía vencellado á hora de defender os seus intereses, un elemento fundamental para participar en política.
3. A presenza de profesores e catedráticos e outros licenciados que desenvolvían profesións liberais como avogados, procuradores e médicos; isto dános a idea dunha certa condición “cultas” das corporacións. Unha elite intelectual que xunto co grupo anterior, a elite económica, tiñan certa concepción elitista da política e considerábase polo mesmo unha cuestión reservada para os máis preparados. Os notables do momento foron os que a organizaron.

Xunto a estes personaxes, pouco a pouco desenvolveuse a aparición de novas reivindicacións da sociedade, sobre todo dende a reinstauración do sufraxio universal masculino, e que levou aos partidos dinásticos a formar candidaturas cun carácter interclasista, máis pretendido que real, onde se lle puido mesmo dar cabida a representantes dos novos grupos e clases sociais, de condición popular.

Polo tanto o perfil trazado ata o de agora mostra unha elite máis ou menos implicada na vida local, sobre todo na súa vertente económica, aínda que en representación duns sectores moi concretos, aqueles aos que eles pertencían, pero que foron quen de presentalos como intereses da sociedade.

5. O inicio da fin do *monterismo* en Compostela: 1906-1914

Dende a dimisión da Presidencia de Goberno de Montero o 1º de decembro de 1905 poderíamos dicir que comeza o declive político do prócer, un declive natural, pola súa ancianidade, e ideolóxico, ao representaba máis o pasado que o futuro do país.

Dende ese momento cada vez é menor a súa participación en actos públicos e a condición hipocondríaca que o caracterizaba consideramos que se agudizou durante esta última etapa. De feito, cando se atopaba en Lourizán, as comisións galegas que o ían visitar para saudar ou solicitar axuda eran recibidas moitas das veces polos fillos ou por García Prieto. Montero retirárase a un segundo plano; actuaba máis como espectador dende a súa posición de xefe de dereito do *monterismo*, polo que indirectamente seguiu a dirixir a súa “plataforma política” ata o final dos seus días.

Dende a súa dimisión da presidencia do Senado en 1913 (1910-1913, 5ª vez) Montero seguía a desenvolver o cargo de senador vitalicio. Dende o verán atopábase porén en Lourizán, secundando un anunciado retiro temporal tras a dimisión.

